Baseándose na solicitude presentada polo Concello de Xinzo de Limia de data 21 de agosto de 2020 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, xustificando o cambio de finalidade de acordo coa evolución diaria da pandemia da COVID-19 que fixo que a planificación de eventos a medio e longo prazo sexa complicada, e a ORDE do 15 de agosto de 2020 da Xunta de Galicia, pola que se aplican novas restricións ao ocio nocturno e aos actos multitudinarios, levounos a cancelar definitivamente as actividades previstas para esa edición de común acordo co organizador do evento. Ao tratarse dunha subvención finalista, concedida o 24 de agosto de 2020 para o financiamento da propia celebración, solicitan o cambio para destinar esta partida para realizar outras alternativas relacionadas, que redundarán positivamente no propio Esquecemento.

Polo exposto anteriormente, procedese a modificación da finalidade da subvención, que pasa a ser a de “Promoción, investigación e divulgación da Festa do Esquecemento e do pasado histórico do concello na época romana” conservando a mesma aplicación orzamentaria.

334.20/ 462.13 “Actividades culturais e recreativas. Ao Concello de Xinzo. Festa do esquecemento 2020 ”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Xinzo de Limia	Promoción, investigación e divulgación da Festa do Esquecemento e do pasado histórico do concello da época romana	15.000,00 €

4º.- Conforme co previsto no artigo 33.1 c) da Lei 7/1985 LBRL e no art. 70.1 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais é competencia do Pleno das Deputacións Provinciais a aprobación e modificación dos orzamentos, nos cales se atopan incluídas as bases de execución dos mesmos, de acordo co disposto no artigo 165 do RD Lex. 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

6º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2021.-

A Sra. interventora expón o contido do ditame da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A deputada de Ciudadanos lembra que na xunta de portavoces se acordou tratar conxuntamente os puntos 6º, 10º e 11º.

O Sr. presidente manifesta que se tratarán conxuntamente aínda que se votarán por separado e que ao remate se fará un receso.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª. intervención Montserrat Lama (grupo de CS): comeza a súa intervención sinalando que cando máis necesita a veciñanza á clase política, por mor da pandemia do COVID-19, é preciso tender pontes e facer políticas construtivas, acadando acordos e sendo útiles. A continuación realiza un chamamento a todos os deputados e deputadas para deixar de lado a confrontación e intentar ser útiles aos veciños. Sobre os orzamentos e os plans provinciais que se presentan sinala que presenta unha moción para a súa modificación, nos termos que se explicará. Neste sentido agradece a vontade do grupo de goberno de tentar chegar a acordos, razón pola que presenta unha moción para permitir que o plan provincial de obras e servizos e o plan de mocidade permitan que sexan os concellos os que decidan en que gastar a achega provincial, con exclusión dos gastos que se indican na moción, e para manter os importes e criterios do plan de empregabilidade. Por último tende a man tanto ao grupo de goberno como

a oposición para tentar dialogar e consensuar acordos que axuden a paliar os efectos da pandemia que estamos a sufrir.

- 1ª. intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): sinala compartir en boa medida o discurso de CS, se ben entende que debe existir debate político neste pleno. A continuación dá lectura a unhas verbas pronunciadas polo presidente da Deputación Provincial nas que lle pide unha negociación urxente ao Estado para que se aprobe un RD xusto para os concellos e as provincias, que recolla liñas de axuda directas, unha delas incondicionada, e outra con criterios de ruralidade, de reto demográfico e de conectividade das persoas. Engade que lle gustaría que esas ideas deberían adoptarse neste pleno respecto dos recursos da Deputación para os concellos da provincia. A continuación pregunta en que se inspirou o grupo de goberno para traer estes orzamentos ao pleno, cunha redución de máis de seis millóns de euros e cunha porcentaxe de máis do 66 % dedicado a gastos de persoal e gasto corrente, porcentaxe que aumenta con respecto a exercicios anteriores, e que se reducen a transferencias correntes e de capital. Sobre as subvencións nominativas previstas nas bases de execución do orzamento, sinala que este ano polo menos se plasmou a súa motivación, se ben sinala que hai 32 concellos que nin no pasado orzamento de 2020 nin neste perciben ningunha subvención nominativa. Entrando xa na motivación das previstas, indica que hai algunha que lle chama a atención, como o proxecto piloto de 50.000,00 € para o concello de Piñor para limpeza e prevención de incendios, a do concello de Muíños para campamentos de verán ou a do concello de Bande para un programa piloto de servizos sociais de 100.000,00 €, preguntando como se van implementar logo estes proxectos pilotos no resto dos concellos da provincia, ou as da segunda anualidade para residencias da terceira idade en Trasmiras ou Porqueira. Seguidamente indica que algunha subvención prevista para levar unha conducción eléctrica a un campo de fútbol ou para construción de vestiarios non parecen moi acaídas nesta crise que estamos a vivir. Insiste en reclamar un plan único para todos os concellos das provincias sen exclusión, cun reparto lineal de 150.000,00 € por concello e o resto en función de criterios obxectivos, e que permitiría aos concellos ter un financiamento sostible e sobre todo, lles permitiría decidir en que investir eses fondos, lembrando que os concellos son administracións maiores de idade. A continuación e unha vez xustificada a emenda do plan único, repasa brevemente as outras emendas relativas a actuacións concretas en concellos que presenta o seu grupo. Respecto á moción de CS, sinala que prefería a moción inicial, moito máis ambiciosa, e non a modificación posterior.

Entrando xa no debate do plan provincial de cooperación, explica a emenda presentada consistente en manter a modificación introducida no ano 2020 para paliar os efectos da crise do COVID-19, e permitir que se empreguen noutro tipo de gastos que decida cada concello. Por último diríxese ao deputado Miguel Caride para lembrarlle que no ano 2019 a maioría da veciñanza da provincia decidiu cambiar o modelo de goberno anterior, se ben o pacto entre o PP e DO, pacto lícito por outra parte, mantivo ao grupo popular no goberno. En todo caso engade que DO debe poder polo menos moldear as políticas anteriores e que o obxectivo non se cumpriu, xa que estes orzamentos son os mesmos do ano pasado, pero con seis millóns de euros menos, indicando que agardaba algo máis de responsabilidade por parte de DO para cambiar o sentido de goberno desta administración.

- 1ª. intervención Miguel Caride (grupo de DO): comeza a súa exposición sinalando que a actual pandemia do COVID-19 condiciona os presentes orzamentos. Manifesta que os orzamentos son moi necesarios para o funcionamento das administracións, que son un documento case que imprescindible, e que xa na comisión informativa o grupo de goberno se manifestou a favor de poder chegar a acordos. Respecto á moción presentada por CS para a modificación das bases do plan provincial sinala que lle parece unha formulación correcta e que a van apoiar. Sobre a emenda do BNG do plan único, sinala que non existe consenso sobre esta posibilidade entre os concellos, e que esta proposta convertería á Deputación nunha mera entidade de financiamento e non lle permitiría deseñar políticas públicas. Engade, sobre as emendas do BNG, que se recibiron onte pola tarde, polo que é bastante difícil poder valoralas. Manifesta que neste primeiro trámite do orzamento lle parece conveniente votar a favor destes.

- 1ª. intervención Rodríguez Villarino (Grupo Socialista): comeza a súa intervención preguntándolle á secretaria xeral que deputado ou deputados é, ou son, o voceiro do grupo provincial de DO nestes intres.

- Secretario xeral: logo de lembrar os antecedentes relativos á constitución do grupo provincial de DO, o secretario xeral explica que nesta data existe un cruzamento de escritos entre Gonzalo Pérez Jácome na súa condición de representante legal da formación política de DO e de J. Miguel Caride como representante do grupo provincial de DO. Engade que no momento que se acrediten as circunstancias manifestadas polo primeiro deles, e esixidas polo artigo 73.3 da LRBRL, se elevaría proposta ao pleno para a toma de coñecemento da

modificación do grupo, pero que en tanto non se teñan acreditado as ditas circunstancias a composición do grupo e o seu voceiro segue a ser a inicial.

- 1ª. intervención Rodríguez Villarino (grupo socialista): entrando xa no debate dos orzamentos provinciais, comeza indicando que os orzamentos deberían xerarlle ilusión á cidadanía en xeral e máis a esta provincia, e por enriba nunha situación como na que nos atopamos, e indica que revisados os orzamentos estes son distópicos, repetitivos minguentes, precipitados e que non transmiten nada. Indica que o seu grupo discrepa seriamente con esta proposta, comezando polos investimentos, moi reducidos, e co reparto deses fondos sen ningún tipo de criterio obxectivo. Engade que máis de 52 millóns de euros se dedican a gastos de funcionamento da propia institución provincial, o que deixa moi pouca marxe para os investimentos. Respecto ás transferencias correntes a concellos, sinala que os cartos alí previstos nun 94% van destinados a concellos do PP e o resto a unha recente fichaxe, como é a do alcalde do concello de San Xoán de Río. Reitera, como xa se dixo noutros anos, a súa crítica a outras partidas, como é a prevista para o INORDE, onde os salarios de xerente e presidente supoñen case seis veces o importe dos investimentos. Sobre a previsión de gasto para o Consorcio provincial de incendios amósase crítico con ela, sinalando que nin a achega da Xunta de Galicia nin a desta Deputación nesta materia serviron para nada, e como en anos anteriores estamos a sufrir a lacra dos lumes, lembrando que o grupo de goberno votou en contra dunha moción relativa a accións en materia de prevención de lumes presentada polo Grupo Socialista, instando ao goberno a tomar accións preventivas e a actuar. No apartado de transferencias correntes indica que se manteñen as partidas dos programas de empregabilidade e mocidade, lembrando que se rexeitou unha moción do Grupo Socialista que pedira duplicar estas partidas. No relativo ás transferencias de capital estas se reducen en máis dun 20 % con respecto ao exercicio anterior, citando que no apartado das subvencións nominativas o 84 % delas van para concellos do PP e o 8 % para, curiosamente, o concello de San Xoán de Río. Neste intre insiste en reiterar a petición do plan único como saída axeitada, plan único que se aplica nas outras deputacións provinciais de Galicia e cun reparto sobre criterios obxectivos que manteñan a igualdade entre os concellos. Indica que non parece xusto nin defendible que en torno ao 30 % do importe de todas as achegas se repartan mediante subvencións nominativas. A continuación diríxese á voceira de CS para indicarlle que o acordo e o diálogo debe ser entre todos e non só co grupo de goberno, sinalando, para rematar a súa intervención,

que a moción orixinal que presentou era moito máis ambiciosa que a segunda, que non deixa de ser máis do mesmo.

- 1ª. intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): comeza a súa intervención solicitando o voto a favor da voceira de CS tras escoitar a súa primeira intervención, agradecéndolle as súas propostas en positivo, o espírito construtivo, e a súa altura de miras. Neste sentido sinala que o seu grupo votará a favor da moción de CS que se está a debater neste punto. A continuación sinala que conceptos como planificación, redución de débeda e certeza financeira son claves para este grupo de goberno, coa relevancia que ten presentar os orzamentos neste mes de setembro, e máis nestes tempos de pandemia que estamos a sufrir. Engade que os orzamentos para o ano 2021 se reducen en torno a un 7 %, debido fundamentalmente á previsión de redución de ingresos por transferencias correntes do Estado, lembrando que máis do 80 % dos ingresos da Deputación proveñen deste tipo de transferencias. Matiza que os gastos de persoal se reducen en torno a un 3%, debido á amortización de prazas e a temporalidade doutras existentes, significando que esta partida e a de gastos correntes están máis que xustificadas xa que existen numerosos programas e servizos que se prestan de xeito directo por esta Deputación. Respecto ás transferencias correntes aos concellos sinala que se manteñen os programas e plans de cooperación existentes, e outras liñas de fomento en materia de deporte, cultura e educación, e as achegas aos Consorcios, GES ou Inorde. En resumo di que se trata da proposta de orzamentos do grupo de goberno único dos grupos do PP e de DO.

- 2ª. intervención Montserrat Lama (grupo de CS): comeza aclarando, respecto á subvención prevista, que a reitoral de Xinzo de Limia é do bispado, pero é de uso por todos os veciños e forma parte do noso patrimonio, polo que para ela si é unha achega para a veciñanza de Xinzo de Limia. A continuación fai un repaso das achegas que percibirá o concello de Xinzo de Limia, indicando que é unha realidade e unha información que debe coñecer toda a veciñanza. Respecto ao contido da súa moción, que se está a debater xunto co plan provincial e os orzamentos, sinala que se trata de ceder uns e ceder outros, que é un pequeno paso e un obxectivo cumprido, e que lle agradece ao grupo de goberno que aceptase e tivese en conta as súas propostas para modificar o plan de cooperación, polo que entende que saen gañando os 92 concellos da provincia. Respecto ás emendas do grupo do BNG, sinala que coa emenda á totalidade non lle saen as contas e lle faltan en torno a oito millóns de euros, e que se deben presentar propostas realizables, e que non sería factible a proposta de 22 millóns de euros para o plan único, polo que votará en contra desa emenda. Respecto ás outras emendas que

presenta relativas a actuacións concretas en concellos desexa que se poidan dotar orzamentariamente ao longo do exercicio. Dirixíndose agora ao Grupo Socialista lembra que no concello de Xinzo, actuando por responsabilidade, votou a favor dos orzamentos, por coherencia e por responsabilidade e debido ás circunstancias de pandemia e crise na que nos atopamos. Engade que hoxe o grupo de CS conseguiu modificar os orzamentos e o plan provincial, polo que votará a favor, agardando que no queda de lexislatura se poida chegar a máis acordos. Remata indicando o seu voto favorable aos orzamentos e o plan provincial presentados polo grupo de goberno, considerando que a súa moción de modificación destes vaia ser aprobada.

- 2ª. intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): comeza sinalando que non escoitou ao voceiro do grupo do PP referirse ás verbas do presidente da Deputación aludidas na súa intervención e preguntándose se estas serían aplicables a esta Deputación, entendendo que si. Respecto á intervención da voceira de CS sinala que a proposta de 22 millóns de euros para o plan único e a cantidade prevista no da Deputación de Lugo, que sería a máis asimilable a esta provincia. A continuación pregúntase se había tanta presa en aprobar estes orzamentos e máis nunha situación de incerteza como a actual, e que debería agardarse para facer uns orzamentos máis fiables. A continuación pregúntalle ao grupo de goberno por que cualifica a estes orzamentos como os máis sociais, cando non hai partidas destinadas a esta área de gasto que se vexan incrementadas, polo que en todo caso serían igual de sociais que os anteriores. Diríxese a continuación ao deputado Miguel Caride para pedirlle que chame a calquera alcalde ou alcaldesa doutra provincia de Galicia e lle pregunte a súa opinión sobre o plan único, independentemente da súa cor política. Engade que vendo a realidade actual, moitos concellos desta provincia, se puidesen, mañá mesmo se irían para outra provincia, xa que son os seus veciños de segunda e que non reciben ingresos da Deputación Provincial polo simple feito de ter elixido democraticamente a un alcalde ou alcaldesa que non é do PP. A continuación sinala que lle chama a atención a partida orzamentaria dedicada a administración electrónica e que en porcentaxe debe ser a administración que máis inviste nesta materia. Por último agradece ao grupo de goberno que acepte a emenda presentada ao plan provincial, e que permita aos concellos, igual que o ano anterior, decidir en que gastar aos fondos, incidindo en que esta debe ser a regra que se aplique a toda a cooperación provincial cos concellos, xa que estes son maiores de idade e deben ser os que decidan en función das súas necesidades, en que gastar a achega provincial. Remata anunciando o seu voto en contra

solicitando que as vindeiras modificacións recollan criterios de reparto xustos e para todos os concellos sen exclusión.

- 2ª. intervención Miguel Caride (grupo de DO): comeza sinalando a importancia da estabilidade dos gobernos e a importancia de chegar a acordos para acadar maiorías, xa que a partir de aí se poden poñer en marcha os diferentes proxectos políticos. Respecto á intervención do voceiro do BNG sinala que os concellos máis pequenos, que son os predominantes na provincia, demandan atencións continuas da Deputación para o que se fai necesaria que esta dispoña de estrutura técnica e administrativa. Por último lembra que estamos ante a aprobación inicial dos orzamentos e que aínda hai marxe para ese diálogo e para esa mellora, e máis nas circunstancias actuais de crise na que nos atopamos.

- 2ª. intervención Rodríguez Villarino (Grupo Socialista): comeza sinalando que previsiblemente a voceira de CS e o deputado Miguel Caride parece que se aliñan co grupo de goberno e van votar a favor dos orzamentos, e o deputado Armando Ojea vai votar en contra. Engade que estes orzamentos continuístas e baseados na discrecionalidade son os que se debaten e votan agora, fronte outros orzamentos xustos e obxectivos que formulan outros grupos da oposición. Diríxese ao deputado Miguel Caride para lembrarlle que a estabilidade pode lograrse chegando a acordos con outras forzas políticas e non só co PP. E que é el quen elixe a quen apoia, e que esa elección é posible, sendo sempre útiles á cidadanía. Indica que Ourense necesita un reparto xusto, lembrando cal é o remanente de Tesourería desta Deputación. Simplemente coas subvencións nominativas xa tería cada concello máis de 80.000,00 euros, e case 97.000,00 se eliminamos o Inorde. A continuación pregúntase onde están as partidas que lles permitan aos concellos asumir os gastos de limpeza nos centros escolares, ou os gastos en materia de prevención de incendios forestais. Respecto á intervención da voceira de CS sinala que o titular da reitoral de Xinzo de Limia é o bispado, que é unha entidade de seu, e que evidentemente non ten carácter público. En canto a aplicación orzamentaria para o MUGAE sinala que se trata dun servizo asumido pola propia Deputación, polo que tampouco se pode considerar unha achega ao concello. A continuación diríxese novamente á voceira de CS para pedirlle que non perda de vista o diálogo con todas as forzas políticas para tentar mudar a situación actual cara un sistema xusto e de reparto obxectivo. Remata anunciando o voto en contra dos orzamentos, do plan provincial de cooperación e da moción de CS, que é moi pouco ambiciosa, indicando que si apoiarán a emenda á totalidade do BNG xa que está en liña coa formulación que defende o seu grupo.

Por último diríxese aos deputados Miguel Caride, Armando Ojea e Montserrat Lama para pedirilles que reflexionen sobre o sentido do seu voto, pedíndolles que non busquen a estabilidade do goberno provincial senón a utilidade do goberno provincial.

- 2ª. intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): comeza agradecendo novamente o voto favorable do grupo de CS, e máis neste contexto de crise sanitaria e social na que nos atopamos. Engade que con este voto aínda se lexitiman máis estes orzamentos, comparándoa coa achega inexistente do Grupo Socialista e coa achega a última hora de onte do BNG. Engade que con estes orzamentos o goberno provincial amosa a súa anticipación e planificación, en contraposición cos orzamentos do goberno central dos que non se coñece, a día de hoxe, nin o índice. Indica que estes orzamentos dan certeza aos concellos da provincia e responden a un programa de goberno único presentado no ano 2019, e que agardan continuar nesta liña coas modificacións orzamentarias que poidan presentarse ao longo do ano. Por último refírese ás emendas do BNG, manifestando o voto en contra do grupo do PP a estas, e manifestando o voto favorable á moción de CS. Para rematar lembra que esta Deputación xestiona máis servizos que calquera outra Deputación galega, e que estes son os orzamentos únicos do grupo de goberno.

- Quenda de peche Montserrat Lama (grupo de CS): sinala que votará en contra da emenda á totalidade do grupo do BNG porque orzamentariamente non é factible nin realizable. Sobre as verbas do voceiro do grupo socialista lembra que cando apoiou o orzamento do concello de Xinzo de Limia non fixo ningunha crítica, pedíndolle que non teña dúas varas de medir. Lembra que nas comisións informativas o grupo de goberno abriuse a posibles negociacións e que ela non fixo máis que recoller esa luva, cousa que non fixo o grupo socialista. Por último lembra as verbas do ministro de Sanidade o señor Illa, que dirixíndose a dona Ana Pastor pediulle “...demuestre en medio de una pandemia la utilidad de la oposición...”.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións, e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar as emendas presentadas polo BNG, co seguinte resultado:

1º.- Emenda do BNG á totalidade: resulta rexeitada ao obter o voto a favor do Grupo Socialista e do BNG, o voto en contra do Grupo Popular e do deputado de DO don José

Miguel Caride Domínguez, e de Ciudadanos e a abstención do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo.

2º.- Emenda do BNG relativa ao Concello de Allariz: resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG, o voto en contra do Grupo Popular e do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez, e a abstención do Grupo Socialista, de Ciudadanos e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo.

3º.- Emenda do BNG relativa ao Concello da Merca: resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG, o voto en contra do Grupo Popular e do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez, e a abstención do Grupo Socialista, de Ciudadanos e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo.

4º.- Emenda do BNG relativa ao pavillón de Baños de Molgas (pavillón): resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG, o voto en contra do Grupo Popular e do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez, e a abstención do Grupo Socialista, de Ciudadanos e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo.

5º.- Emenda do BNG relativa a estradas de Baños de Molgas (estradas): resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG, o voto en contra do Grupo Popular e do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez, e a abstención do Grupo Socialista, de Ciudadanos e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo.

6º.- Emenda do BNG relativa á estrada Berán-Leiro: resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG, o voto en contra do Grupo Popular e do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez, e a abstención do Grupo Socialista, de Ciudadanos e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo.

A continuación sométese a votación o orzamento da Deputación para o exercicio 2021, e co voto favorable do Grupo Popular (12), de Ciudadanos (1) e do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez (1), e o voto en contra do Grupo Socialista (8), do BNG (1) e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo (1) e a abstención da deputada do Grupo Socialista dona Rosario Rodríguez Delgado (ausente na votación deste punto), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2021, co detalle que figura nos resumos seguintes:

A.- ENTIDADE LOCAL

Estado de gastos:

Capítulo 1.- Gastos de persoal	32.937.824,57 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	19.815.314,99 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	57.996,73 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	12.684.696,69 €
Capítulo 5.- Fondo de consistencia	70.000,00 €
Capítulo 6.- Investimentos reais	10.090.800,13 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	3.041.166,49 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	702.200,40 €
Total gastos	79.700.000,00 €

Estado de ingresos:

Capítulo 1.- Impostos directos	4.600.000,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos	4.090.000,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	4.823.995,66 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	65.429.266,24 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	99.012,00 €
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	21.000,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	336.726,10 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €
Total ingresos	79.700.000,00 €

B.- INORDE

Estado de gastos:

Capítulo 1.- Gastos de persoal	1.048.014,27 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	547.859,48 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	184.180,00 €
Capítulo 6.- Investimentos reais	31.946,25 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	5.000,00 €
Total gastos	

Estado de ingresos:

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.020,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	1.787.516,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	10.010,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	12.454,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	5.000,00 €
Total ingresos	1.817.000,00 €

2º.- Aprobar as bases de execución do orzamento xeral, segundo figuran no expediente.

3º.- Aprobar os cadros de persoal, que se dividen en persoal funcionario, laboral e eventual, de acordo co artigo 126 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986.

4º.- De acordo co artigo 169 da LRFL, o orzamento xeral será exposto ao público, logo de anuncio previo no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

7º.- DELEGACIÓN DO CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DA COMPETENCIA PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZOS DE EXPLOTACIÓN DO EMBARCADOIRO E EDIFICIO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES NO ENCORO DE SANTO ESTEVO.-

O Sr. secretario expón o contido do ditame da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

-1ª intervención Álvaro Vila (Grupo Socialista): manifesta que o seu grupo respecta a autonomía local dos concellos na súa toma de decisións e neste caso que se delegue na Deputación, para que desde o seu experimentado servizo de contratación, licite o indicado contrato de concesión.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): agradece as palabras do deputado socialista e a confianza plena nos servizos técnicos e administrativos da Deputación.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): intervén para manifestar respecto ás verbas do deputado do PP, que os servizos que presta a Deputación na súa meirande parte se aboan ou polos usuarios ou polos concellos, e respecto á manifestación de Plácido Álvarez sobre que cada concello recibía nestes orzamentos máis de 200.000,00 euros pregunta onde hai que asinar. Por último, en canto ao asunto que se está a debater indica que o voto do seu grupo vai ser favorable.
- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): lembra que a Deputación está precisamente para cuestións como estas, para cooperar.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), do BNG (1) e de Ciudadanos (1) e a abstención do Grupo Socialista (9), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación solicitada polo Concello de Nogueira de Ramuín, consistente no exercicio das facultades que ese Concello ten atribuídas como órgano de contratación da concesión do servizo de explotación do embarcadoiro e edificio de recepción de visitantes no encoro de San Estevo, condicionando esta a que por parte do Concello de Nogueira de Ramuín se tramiten e aproben as actuacións preparatorias do contrato de concesión de servizos previstas nos artigos 284.2 da LCSP, relativo á ordenanza reguladora do servizo que estableza o seu réxime xurídico, que declare expresamente que a actividade de que se trata queda asumida polo concello como propia del, que determine o alcance das prestacións en favor dos administrados e que regule os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos á prestación do servizo, e 285.2 da LCSP, relativo ao estudo de viabilidade da concesión.

8º.- OUTORGAMENTO DO TÍTULO DE FILLO ADOPTIVO DA PROVINCIA DE OURENSE A DON MANUEL GARCÍA DE BUCIÑOS VÁZQUEZ.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao instructor do expediente.

- Rosendo L. Fernández (instructor do expediente): procede a dar lectura á proposta do instructor, co seguinte contido “*O que subscribe, nomeado instructor das dilixencias, segundo sinala o Regulamento de honores e distincións da Deputación Provincial de Ourense, co obxecto de conceder honras a favor do insigne escultor don Manuel García de Buciños Vázquez, informa o*

*seguinte: Que, por providencia do presidente da Deputación, don Manuel Baltar, con data 12 de xuño de 2020, dispúxose que se levara a trámite o expediente de honra para a concesión do título honorífico de FILLO ADOPTIVO DA PROVINCIA DE OURENSE, como homenaxe desta ao insigne escultor don Manuel García de Buciños Vázquez. Conforme co capítulo III do Regulamento de honores e distincións desta Deputación, nomeouse instrutor do expediente ó deputado provincial e vicepresidente primeiro don Rosendo Fernández Fernández e, secretario deste, ao asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, para indagar en cantos méritos concorren nesta persoa, tanto nos aspectos vitais, no seu compromiso con Ourense, na súa dimensión cultural e tamén na súa destacada implicación social. Publicouse o oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no xornal local La Región, así como na páxina web da Deputación Provincial, para recoller testemuño dos veciños, entidades, concellos ou asociacións, coa finalidade de incorporalos ao expediente e así referendar os méritos deste artista tan comprometido coa nosa provincia. Recibidos numerosos escritos de adhesión a tan xusta proposta do presidente da Deputación de Ourense correspóndelle agora á Corporación Provincial en sesión plenaria honrar a memoria dun home tan querido e admirado, para a imperecedoira constancia e a transmisión ás futuras xeracións. **DECLÁRANSE ASÍ FEITOS PROBADOS:** Algunhas persoas, non sendo orixinais da nosa provincia, desenvolven a súa carreira estritamente ligados a este territorio, e a súa actividade transcende fondamente aos seus límites e contribúe a fomentar o coñecemento desta provincia a niveis insospeitados. Este é o caso do escultor Manuel Buciños. Manuel, naceu en Buciños, no municipio das terras luguesas de Carballedo, en decembro de 1938, nun ambiente rural no que destacaba a profesión de seu pai, carpinteiro, sendo as ferramentas do taller os seus primeiros xoguetes cos que demostraba a súa sorprendente habilidade á hora de traballar cos desperdicios da madeira. Este feito supuxo a súa primeira influencia e achegamento ao traballo creativo manual que tanto influíu ao longo da súa traxectoria artística. Vive en Buciños ata os dez anos, nos que se traslada a Ourense para cursar o bacharelato, manifestándose xa nese momento unha atracción polo debuxo, influenciado polo destacado profesor Xesta, nunha cidade que vivía unha espléndida tradición cultural e artística. Pronto decide que o seu futuro vai ser como escultor e para isto precisa dar o salto a Madrid para cursar estudos na Escola Superior de Belas Artes de San Fernando, grazas a unha oportuna axuda concedida pola Deputación Provincial de Ourense. Buciños, aproveita esta oportunidade formativa e ao tempo traballa como axudante en talleres de destacados escultores madrileños contribuindo deste xeito a mellorar a súa formación. Finalizada esta etapa Manuel regresa a Ourense e comeza a relacionarse con outros artistas novos e forman o Grupo Sete Artistas Galegos, no que participan á parte de Buciños, Acisclo Manzano, Arturo Baltar, Virxilio Fernández, Xaime Quessada, José Luís de Dios e Xavier Pousa, os cales participan activamente na intensa vida cultural da que gozaba a cidade naquela época converténdose en dinamizadores e sendo moi influenciados sobre todo pola figura de Vicente Risco*

que os denomina cariñosamente Os Artistiñas e que puxeron en marcha un local de referencia na cidade, a Taberna do Tucho, que posteriormente bautizaron como O Volter. A principios dos sesenta, con so vinte e oito anos, realiza xa a súa primeira exposición individual no Museo Municipal de Ourense, no que amosa tallas de madeira de volumes amables e harmoniosas curvas. A partir deste momento aventúrase a novas exposicións en diferentes lugares de Galicia, que dada a boa resposta que obteñen o animan a reafirmar a súa actividade artística e a continuar por ese camiño. Pouco a pouco vai acadando un catálogo de obra importante que acada louvanzas da crítica e do público en xeral. A inicios dos anos setenta coloca o primeiro monumento público da súa autoría na localidade de Luíntra, dedicado a un personaxe tan entrañable como é o afiador, obra en bronce e co que plasma a súa evolución dende a madeira a este material, que aínda hoxe segue sendo a base principal da súa expresión artística. A excelente acollida que ten este monumento provoca o encargo de diversos traballos deste tipo situados en diferentes lugares de Galicia ou incluso do resto de España, destacando o monumento ao libro, o primeiro do mundo segundo a Unesco con tal obxecto, que se colocou en 1976, nos xardíns Méndez Núñez da Coruña, contando con replicas posteriores que se situaron na cidade de Valladolid e no paseo madrileño de Recoletos. Destaca tamén dentro deste apartado de monumentos públicos, o dedicado a San Rosendo, instalado en Celanova, unha obra atrevida e moi persoal, ou o monumento dedicado a Ramón Otero Perayo, que se atopa actualmente na praza do Corredor en Ourense, ou os dedicados a Castela instalados nas prazas de Santa María de Pontevedra ou da Imprenta en Ourense. Manuel Buciños, evoluciona en canto as materias da súa obra dende a madeira, a pedra, máis tarde o bronce, ata unha última etapa na que convina perfectamente estes dous últimos materiais, acadando unha estética na que o artista parece que en lugar de modelar, acaricia e mima os seus traballos creativos, cun resultado final de intimidade e tenrura sobresaínte.

Segue acadando premios e recoñecementos por toda Galicia, como en Lugo e Santiago co premio Mestre Mateo. Nos últimos anos segue a incrementar esta relación de distinción co Premio Otero Pedrayo en 1996 ou mesmo neste ano o Premio Trasalba. Manuel Buciños, home silencioso e discreto, afastado de facer ruído innecesario, ten un amplo recoñecemento do ámbito cultural e artístico que o leva a recibir innumerables premios e distincións por todo o estado español, como o Premio Madrigal, a participación no Concurso Nacional de Escultura, na Exposición Nacional de Belas Artes, na que acada en 1964 o Premio Tarragona. En Pontevedra recibe varias medallas das Bienais que convoca a Deputación, en Santiago de Compostela, en 1973 e 1975 consegue o Premio Mestre Mateo, en Lugo a medalla de prata do Concurso Bimilenario da cidade. Mais recentemente, en 1996 que recibe o Premio Otero Pedrayo das Deputacións de Galicia, e mesmo neste ano acada o Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo. A súa dilatada vida artística e o recoñecemento social lévano a ser membro numerario da Real Academia Galega de Belas Artes dende 1993.

CONSIDERANDO POIS: *Que, as meritorias circunstancias persoais e profesionais que concorren no escultor don Manuel Buciños, recollidas nos informes e manifestacións recibidas nas adhesións achegadas á Deputación de Ourense, e, neste caso, como instrutor deste expediente, considero que son determinantes para avaliar as grandes calidades que honran a este persoeiro, e é de obrigado deber desta Deputación promover a exaltación dos seus fillos ilustres que dedicaron a súa vida e as súas actividades a prol do noso desenvolvemento, tanto cultural, artístico, musical, social ou económico. Que, sentado este principio básico, este instrutor ten a obriga de investir de eficacia xurídica o desexo desta institución, fiel representante da nosa provincia, conferíndolle a don MANUEL BUCIÑOS as honras previstas no noso Regulamento. Polo exposto anteriormente, e vistos os artigos do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, o instrutor ten a honra de formularlle á Corporación Provincial a seguinte, **PROPOSTA:** Como homenaxe da provincia de Ourense ao destacado escultor don MANUEL BUCIÑOS, de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, outorgarlle o título de FILLO ADOPTIVO DA PROVINCIA DE OURENSE, como homenaxe e recoñecemento do pobo de Ourense a unha intensa e exitosa traxectoria artística, que contou permanentemente co recoñecemento da crítica e da sociedade en xeral, tanto polo ámbito creativo como pola súa xenerosidade con esta provincia a que debido ao seu labor lle aporta gran relevancia na faceta cultural. Elevarlle a presente proposta ao Pleno da Corporación Provincial, para a súa aprobación, se procede”.*

Interveñen os voceiros dos grupos de CS, BNG, DO e PS de G-PSOE para manifestar a súa conformidade coa proposta do instrutor e para manifestar o seu recoñecemento e admiración á figura do artista homenaxeado.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións, e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Outorgarlle o título de Fillo Adoptivo da Provincia de Ourense a don Manuel García de Buciños Vázquez, de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, e consonte coa proposta formulada polo instrutor do expediente.

9º.- REGULAMENTO DE UTILIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PAZO DOS DEPORTES “PACO PAZ”

O Sr. secretario expón o contido do ditame da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Montserrat Lama (CS): intervén para recoñecer o traballo dos empregados e empregadas públicas da Deputación neste tipo de propostas tan traballadas, e en particular neste caso o do xefe do Servizo de Deportes.
- 1ª. intervención Susana Rodríguez (Grupo Socialista): sinala que xa era hora de que o Pazo dos Deportes se dotará dun regulamento de funcionamento, engadindo que a Deputación debe facer un uso eficiente dos recursos públicos, non vendo sentido ao contrato menor adjudicado a un despacho de economistas e avogados da cidade para elaborar un estudo económico e as prescricións da licitación do servizo de cafetería desas instalacións deportivas, cando a Deputación ten persoal técnico capacitado para facelo. Remata indicando o voto favorable á proposta de regulamento.
- 1ª intervención Ana Patricia Torres (grupo do PP): manifesta en primeiro lugar non entender a intervención do grupo socialista desviándose do asunto, para manifestar o seu apoio á proposta e agradecemento aos servizos técnicos provinciais.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións, e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o Regulamento de utilización e funcionamento do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, co seguinte contido:

Artigo 1. Servizos ofertados

1. Actividades físico-deportivas dirixidas e realizadas nos distintos espazos deportivos do Pazo dos Deportes cunha finalidade recreativa e saudable. (Escolas Deportivas, Programas de Fitness para adultos e outros servizos deportivos complementarios)

2. Posibilitar o uso racional e adecuado das instalacións para adestramentos semanais e competicións durante a fin de semana a federacións, clubs e resto de entidades deportivas e particulares.

3. Facilitar a celebración de eventos culturais, recreativos e deportivos promovidos pola propia Deputación Provincial ou por entidades varias, co obxectivo de conseguir a participación da cidadanía, ben pola súa implicación como espectador, ben como deportista.

Artigo 2. Horarios de apertura ao público das instalacións

Os horarios que se recollen a continuación son horarios tipo que se fixan con carácter xeral pero poderán ser modificados de forma puntual durante a tempada deportiva, en función dos intereses deportivos da instalación e os seus usuarios.

INSTALACIÓN / SERVIZO	HORARIOS
SALA DE FITNESS	<i>Luns a venres : de 6.45 a 23.00 horas</i> <i>Sábados: de 9.00 a 13.00 horas</i>
CLASES COLECTIVAS	<i>Luns a venres: de 7.00 a 22.00 horas</i> <i>Horarios e clases establecidos no cadro de actividades.</i>
FISIOTERAPIA	<i>Luns: de 9,30 a 13,30 / 16.00 a 20.00 h</i> <i>Martes: de 10.00 a 13.30 h. / 16.00 a 20.30 h.</i> <i>Mércores: de 10.00 a 13.00 h. / 16.00 a 20.00 h.</i> <i>Xoves: de 9.30 a 13.00 h. / 16.30 a 21.30 h.</i> <i>Venres: de 10.00 a 12.00 h. /16.00 a 18;00 h</i>
ZONA DE AUGAS / SPA	<i>Luns: (homes) de 9.00 a 13.00 h. / 16.00 a 23.00 h.</i> <i>Martes:(mulleres) de 7.00 a 13.00 h. / 16.00 a 22.00 h.</i> <i>Mércores:(homes) de 7.00 a 13.00 h. /16.00 a 22.00 h.</i> <i>Xoves:(mulleres) de 9.00 a 13.00 h. / 16.00 a 23.00 h.</i> <i>Venres: (homes) de 9.00 a 13.00 h. / 17.00 a 22.00 h.</i>
LUDOTECA	<i>Luns a venres: de 16.00 a 22.00 horas.</i>
PISTAS POLIDEPORTIVAS	<i>En función da actividade e en horario de 07,00 a 23,00 h.</i>

Artigo 3. Instrucións xerais de aplicación para as persoas usuarias

1. Todo usuario que aboase a cota correspondente ten dereito a utilizar o servizo ou instalación nas condicións fixadas na actual normativa. No prezo inclúese a utilización dos equipamentos necesarios para o desenvolvemento da actividade, así como a utilización de

vestiarios, aseos e duchas. Existen servizos adicionais polos que será necesario realizar un pago á parte, como fisioterapia, spa, cursos de pilates, etcétera.

2. Para a correcta utilización das instalacións será imprescindible o uso de indumentaria e calzado deportivo adecuado. Segundo a normativa vixente, non estará permitido fumar, nin a entrada de animais en ningunha das dependencias das instalacións, fóra dos que sirvan de guía a persoas con discapacidade.

3. Está terminantemente prohibido o consumo de drogas ilegais ou substancias dopantes en toda a instalación, así como permanecer nela en estado de embriaguez ou baixo os efectos de calquera substancia estupefaciente.

4. Non se poderá acceder aos espazos deportivos, vestiarios, nin a ningunha outra dependencia dos centros deportivos, con recipientes ou envases de vidro, metal ou calquera outro material que non sexa de plástico ou papel, así como con calzado de rúa ou non adecuado para o uso deportivo.

5. De conformidade coa lexislación vixente sobre protección do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e á protección, queda terminantemente prohibida a realización de fotografías e/ou vídeos das instalacións e das persoas que nelas se atopen, sen expresa autorización por escrito da instalación, ou sen o expreso consentimento destas, por tal motivo.

6. Para evitar perturbar o bo funcionamento do servizo, e salvagardar a seguridade e o ben común, deberase:

- Seguir as indicacións do persoal da instalación e monitores.
- Facer uso de cada instalación para o que especificamente está destinada e non permanecer nas instalacións despois do peche sen estar autorizado.
- Non ter actitudes antihixiénicas nin indecorosas. Non ensuciar os espazos deportivos nin os seus elementos auxiliares e sempre utilizar as papeleiras.
- Prohíbese expresamente a utilización de calquera sistema de afeitado ou depilación.
- Non ter comportamentos que impliquen perigo para a integridade física dos demais usuarios.
- Deberá facerse un uso correcto do material e equipamento, así como das instalacións.
- Non expoñer carteis publicitarios ou anuncios sen a autorización da dirección do centro, e, se procedese, só se poderán expoñer no taboleiro de anuncios habilitado para tal fin.

7. A Deputación Provincial non se responsabiliza dos obxectos perdidos, abandonados ou subtraídos na instalación. Aconséllase non acudir á instalación con obxectos de valor e sempre utilizar o servizo de despachos de billetes.

8. Ao Pazo non se poderán introducir bicicletas, patíns, scooters ou medios similares, que deberán quedar aparcados nos exteriores da instalación.

Artigo 4. Dereitos e obrigas das persoas usuarias

1. Toda persoa usuaria ten dereito a:

- a) Gozar do uso das instalacións en óptimas condicións dentro do horario e cuadrante de clases, establecido polo centro para uso libre e exposto ao público.
- b) Ser informada dos requisitos e condicións para acceder á instalación, de todas as posibles vantaxes, bonificacións e tarifas reducidas ás que puidese ter dereito.
- c) Ser informado en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Galega, galego ou castelán.
- d) Utilización das instalacións ás que lle dan dereito as características e tipo de servizo solicitado, dentro dos horarios establecidos e tras o previo pago das correspondentes cotas.
- e) Presentar calquera queixa ou suxestión e recibir contestación por parte da dirección. As reclamacións oficiais deberán tramitarse de conformidade coa lexislación vixente.
- f) Asesoramento e asistencia deportiva por parte dos monitores de cada actividade, cando se trate de actividades dirixidas.
- g) Respecto da súa personalidade, dignidade e intimidade.
- h) De maneira especial protexeranse os dereitos que asisten ao usuario con respecto á lexislación sobre protección de datos de carácter persoal.

2. Toda persoa usuaria estará obrigada a:

- a) Respetar as normas xerais que se recollen neste regulamento e as específicas que se desenvolven máis adiante en función do espazo ou servizo para utilizar.
- b) Gardar o debido respecto aos demais consumidores e ao persoal da instalación deportiva.
- c) Aboar, para a actividade contratada, a cota correspondente establecida na ordenanza reguladora, previamente ao goce da actividade.
- d) Coidar e manter en bo estado o equipamento e material á súa disposición para a práctica deportiva e do resto do mobiliario e equipos da instalación.

Artigo 5. Normas específicas de aplicación aos diferentes espazos

5.1 Sala de cardio e pesas e salas de uso colectivo:

- a) O número máximo de usuarios/hora nas salas estará determinado polo aforo de cada unha delas, sendo o persoal técnico o responsable de velar polo seu cumprimento en función das circunstancias. Para acceder á sala haberá que esperar a que o número de usuarios sexa inferior ao exposto no apartado anterior, salvo cando a organización dos exercicios que se estean levando a cabo permita un número de usuarios maior, debéndose preservar en todo momento polo monitor da sala e/ou operario de control, a habitabilidade e confort dos usuarios.
- b) Os usuarios poderán utilizar libremente a sala de cardio e pesas , durante todo o

- horario de apertura, indicado no cadro de horarios da instalación e asistir a cantas clases desexen, sempre que a actividade o permita, de entre todas as que se ofrecen de uso libre nas instalacións.
- c) A idade para acceder a esta zona é de 16 anos. Para poder facelo con 15 anos deberán contar con autorización paterna ou materna ou dos seus titores. Este requirimento está detallado máis adiante, no artigo 6º, apartado 6.
 - d) Para acceder ás clases dirixidas poderase establecer un sistema de reserva previa.
 - e) Durante determinados períodos vacacionais poderán existir horarios reducidos, e axustes nos horarios de clases colectivas. Estes cambios serán indicados nos soportes informativos habituais, coa suficiente antelación.
 - f) Non se poderá acceder ás salas con bolsas, mochilas, etcétera.
 - g) É obrigatorio o uso de toalla durante o adestramento, ademais de proceder a deixar en perfecto estado de uso os bancos e máquinas ao acabar o exercicio, estando expresamente prohibido arroxar as mancuernas, pesas ou discos ao chan. Calquera deterioración por un uso inadecuado destes deberá ser aboado pola persoa que os causara.
 - h) Non está permitido o acceso e utilización das salas e do seu material, sen a presenza dun monitor. Non se permitirá a entrada ás salas 10 minutos despois de comezar as clases.
 - i) O número mínimo para impartirse unha clase será de 5 usuarios, aínda que, en función do período do ano e a demanda de actividade, poderá reducirse ou incrementarse este número.
 - j) Poderá fixarse un tempo máximo de utilización das máquinas de cardio e pesas, para evitar monopolizar o uso destas.
 - k) Será obrigatorio recoller e ordenar o material utilizado ao finalizar o exercicio. Non se poderá sacar material da sala sen autorización.
 - l) Está prohibida a gravación ou toma de fotos tanto nas salas de cardio e pesas e clases dirixidas. Por tal motivo, o uso do teléfono móbil restrínxese para uso exclusivo de audio.
 - m) Deberase permanecer vestido en todo momento, é dicir sen poder quitarse a camiseta. Para acceder ás salas será imprescindible o uso de indumentaria e calzado deportivo adecuado.
 - n) Non estará permitido o acceso con chancletas. Poderanse establecer normas específicas para o acceso a programas especiais como “adestramentos persoais”, e non se poderá reservar previamente bicicleta nas sesións, especialmente nas de Ciclismo Indoor.
 - o) O Pazo dos deportes “Paco Paz” resérvase o dereito para eliminar, incrementar ou modificar clases, horarios, monitores e servizos en función das necesidades e intereses do Centro, previa comunicación, coa debida antelación, nos soportes habituais de información.

5.2 Ludoteca:

- a) Só se permitirá facer uso do servizo de ludoteca durante o tempo que o usuario/a responsable do neno/a permaneza nas instalacións do Pazo realizando algunha actividade.

- b) Se o neno ten algún problema de saúde física ou mental, ou de sociabilidade, os pais ou titores deberán indicarllo á persoa responsable
- c) Os nenos/as deberán velar polo coidado dos xoguetes e demais material.
- d) Existe unha normativa específica para o uso da Ludoteca, que as persoas usuarias deberán coñecer e que está exposta ao público nos seus locais.

5.3 Zona de augas - SPA:

- a) O acceso ao spa será previo pago dunha entrada puntual ou para os abonados que estean en posesión dun bono anual de SPA. A cita para o servizo solicitarase, ben presencialmente na recepción da instalación ben on-line na web do Pazo.
- b) Non está permitido o acceso a menores de 15 anos. Os menores de 16 deberán contar con autorización paterna ou materna, ou dos seus titores.
- c) Está prohibido a manipulación dos botóns de control das cabinas, e a utilización de calquera aparello electrónico.
- d) É obrigatorio ducharse antes de usar as instalacións do spa. Tamén é obrigatorio o uso de toalla, traxe de baño, gorro e calzado de baño.
- e) Está prohibido afeitarse, depilarse, tinguirse ou calquera outra acción similar de hixiene persoal, así como acudir con maquillaxes, cremas ou apósitos de calquera tipo.
- f) Está prohibido comer, beber ou deixar calquera obxecto nas zonas de baño.
- g) Prohíbese o acceso a persoas con calquera patoloxía infecto-contaxiosa.
- h) O tempo límite de permanencia continua no spa é de 60 minutos.

5.4 Vestiarios:

- a) Prohíbese expresamente a utilización de calquera sistema de afeitado ou depilación. Non está permitido comer no interior dos vestiarios.
- b) As “taquillas” só se poderán utilizar durante o tempo que o usuario permaneza na instalación. O sistema de peche das “taquillas” será a través de combinación ou moeda de 1 € de uso persoal por cada usuario. A instalación non se fai responsable da perda ou subtracción de obxectos depositados tanto nas “taquillas” como no interior dos vestiarios.
- c) Queda prohibido o uso de teléfono móbil dentro dos vestiarios.
- d) O tempo máximo de aseo persoal dentro do vestiario non poderá exceder de 20 minutos.

5.5 Fisioterapia

Para acceder ao servizo de fisioterapia, será necesario estar aboado ou en posesión dunha entrada de día, tras o previo pago do correspondente servizo.

A cita para o servizo deberá solicitarse na recepción ou na web, debendo facer o pago no mesmo momento.

5.6 Escolas Deportivas

As Escolas Deportivas gozan dunha programación específica que se establece ao comezo de cada tempada deportiva e cada unha delas teñen as súas propias peculiaridades e normas que figuran nos folletos informativos que se poñen ao dispor dos usuarios: modalidade deportiva, idade dos participantes, cotas trimestrais, días de prestación e horarios, profesorado, entidade prestadora do servizo, etcétera.

Para os usuarios deste servizo rexen os mesmos dereitos e obrigacións que para o resto de actividades da instalación.

5.7 Pistas polideportivas

O uso das pistas polideportivas está regulada polas seguintes normas:

- a) Uso para toda a tempada deportiva por parte de entidades deportivas, federacións ou particulares. Ten unha regulación específica mediante convocatoria pública que se aproba pola Deputación Provincial de Ourense e publícase anualmente no Boletín Oficial da Provincia.
- b) Uso puntual por parte de entidades deportivas, federacións ou particulares que se concerta directamente coas oficinas administrativas do Pazo dos Deportes.
- c) Uso durante a fin de semana por parte de entidades deportivas, federacións ou particulares para o deporte de competición federado (adestramentos ou partidos), e que se poderá concertar puntualmente ou para toda a tempada deportiva.
- d) O seu horario de uso é o estritamente aboado/contratado coa instalación, sendo o persoal de servizos o que determine a hora de acceso e saída da pista.
- e) Tanto para o pavillón auxiliar como para o pavillón principal o uso da pista completa requirirá un mínimo de 6 usuarios e as medias pistas ou en disposición transversal 4 usuarios.
- f) Non se poderá acceder ás pistas con calzado de rúa ou calzado deportivo procedente do exterior.
- g) Para acceder ás pistas será imprescindible o uso de indumentaria e calzado deportivo adecuado. Deberase permanecer vestido en todo momento, é dicir sen poder quitarse a camiseta.

5.8 Outros espazos útiles

Aínda que non se consideran espazos deportivos convencionais, existe a posibilidade de uso doutras áreas anexas como “espazo tras redes”, corredores, salas de uso polivalente, que os usuarios entenden operativos para a prestación de servizos deportivos específicos. A estes espazos resulta, por analoxía, de aplicación esta normativa e aqueloutra que se puidese establecer puntualmente para tal fin. A utilización destes espazos deberá contar coa autorización correspondente.

Artigo 6. Condición de persoa usuaria. Alta e tramitación

1. A condición de persoa usuaria do Pazo dos Deportes, obtense coa inicial inscrición e o pago da primeira cota. A inscrición implica a aceptación da normativa de aplicación en particular deste regulamento.

2. O uso da tarxeta ou mecanismo de acceso é persoal e intransferible. No caso de cesión ou transmisión do dispositivo de acceso a calquera outra persoa distinta do titular supoñerá a perda da condición de abonado. A perda do dispositivo de acceso deberase comunicar inmediatamente ao Pazo dos deportes “Paco Paz”.

3. As entradas xerais serán válidas para un único día, e permitirán ao usuario a libre utilización das instalacións dentro do horario establecido. As entradas específicas permitirán o uso de determinadas partes da instalación durante un determinado período de tempo.

4. En caso de precisar a emisión dun duplicado pola perda ou destrución da tarxeta de abonado, deberá aboar a cantidade de 1 €. En caso de baixa, o abonado estará obrigado a comunicalo coa antelación establecida.

5. Os *cursillistas* non abonados terán restrinxido o acceso ao resto de actividades do Pazo, salvo que sexan abonados ou estean en posesión dunha entrada de carácter puntual.

6. As persoas de 15 anos e menores, non poderán acceder ás actividades colectivas, salvo escolas de iniciación, nin á sala de fitness, debendo orientar a súa actividade física ás habilidades, capacidades e destrezas motrices básicas e específicas. Excepcionalmente os usuarios de 15 anos poderán acceder sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- A solicitude de inscrición e autorización deberán constar asinadas polo pai, nai ou titor legal, e informe favorable do técnico da sala de fitness. Coa sinatura deste documento, a persoa asinante como pai, nai ou titor legal faise responsable de todos os actos do menor nas instalacións do Pazo dos Deportes e manifesta que este reúne as condicións físicas necesarias para a práctica do fitness, exonerando plena e expresamente ao Pazo dos Deportes de calquera eventualidade, contratempo, dificultade, problema, lesión ou accidente que por tal circunstancia se poida producir.

7. O importe inicial da primeira cota deberá aboarse mediante cargo en tarxeta bancaria no momento da inscrición ou mediante presentación de boletín de ingreso bancario na conta da Deputación Provincial. Para o resto das cotas o aboado poderá elixir entre as seguintes formas de pago: tarxeta bancaria, domiciliación de recibos ou pago tpv virtual web. O Pazo designa para a domiciliación de recibos a conta reflectida nos datos bancarios da inscrición. O pago nas distintas modalidades farase efectivo entre os días 1 e 8 de cada mes.

8. En relación á tarifa para aboar por usuarios e demais obrigacións e dereitos, atópanse recollidos na ordenanza de prezos públicos da Deputación Provincial de Ourense, para o Pazo dos deportes “Paco Paz”, e nos acordos adoptados para a fixación dos prezos públicos. O artigo 4º da devandita ordenanza, con carácter especial, contempla os dereitos que asisten ao usuario en relación á non prestación de determinados servizos deportivos e a súa posible compensación económica. Os recibos viraranse entre o 8 e o 12 de cada mes. Os recibos devoltos pola entidade bancaria deberán aboarse mediante tarxeta bancaria na propia

instalación. Non se permitirán devolucións dos abonos dos cursos.

9. As baixas como abonados deberán notificarse por escrito antes do último día do mes ou período no que se desexa poñer fin á actividade.

10. O Pazo dos Deportes poderá prohibir o acceso ás instalacións aos abonados que non estean ao corrente do pago correspondente.

11. De alcanzarse o número máximo autorizado de deportistas (cota de usuarios, aforo das instalacións, razóns de seguridade, etcétera), o Pazo resérvase o dereito de poñer ao Abonado - Aspirante nunha lista de espera en estrita orde de preinscrición, coa obrigación de comunicar inmediatamente a existencia dunha praza libre.

Artigo 7. Réxime sancionador

1. En todo o non previsto neste artigo aplicarase de xeito supletorio a normativa contida nos artigos 139, 140 e 141 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

2. Consideraranse infraccións os incumprimentos das normas e obrigacións establecidas nesta normativa así como nas demais ordenanzas reguladoras e regulamentación interna do Pazo dos Deportes “Paco Paz”.

As infraccións poderán ser leves, graves e moi graves. A comisión , no prazo de seis meses de máis de dúas infraccións leves, considerarase infracción grave, castigándose coas sancións previstas para as devanditas infraccións no seu grao mínimo. A comisión no prazo dun ano de máis de dúas infraccións graves considerarase infracción moi grave, castigándose coas sancións previstas para as devanditas infraccións no seu grao mínimo.

3. Serán leves as infraccións que supoñan:

a) O incumprimento das normas ou obrigacións establecidas nos apartados indicados con anterioridade, fóra das que expresamente se consideren graves ou moi graves, e das normas de réxime interior existentes así como na Ordenanza reguladora de prezos públicos.

b) O impedimento ou obstrución á petición de identificación como usuario/a, ou non achegar reiteradamente a documentación que acredita a posibilidade de acceso á instalación.

c) O uso sen reserva, a extralimitación do horario asignado ou a perturbación ao libre acceso nas instalacións deportivas

d) Non aboar como usuario o prezo público por a utilización das instalacións na modalidade que corresponda dentro dos prazos e de acordo coas normas que se establezan na correspondente tarifa.

e) Facer uso das instalacións incumprindo as elementais normas de hixiene. En particular, a introdución nas instalacións de comidas e bebidas (salvo as de deportistas), o uso dos vestiarios máis aló do aseo básico e o cambio de roupa, a introdución de elementos que obstaculicen ou molesten aos demais usuarios.

f) Non utilizar nas instalacións deportivas a roupa e calzado deportivo adecuados, así como incumprir a normativa en materia de reposición de material e equipamento deportivo.

4. Serán graves as infraccións que supoñan:

- a) O uso indebido, vulnerando a lexislación vixente e o establecido nesta normativa, do teléfono móbil ou aparellos de vídeo gravación, á vista das restricións establecidas nos apartados correspondentes de maneira especial no artigo 3º-5 deste Regulamento.
- b) Unha perturbación importante na utilización das instalacións incumprindo as normas establecidas nesta normativa e nas correspondentes regras de réxime interior, con falta de actitude de respecto cara aos demais usuarios e persoal da instalación.
- c) A falta grave de uso das instalacións incumprindo as elementais normas de saúde e de seguridade. En particular, a introdución nas instalacións de obxectos de cristal, substancias inflamables ou perigosas.
- d) A cesión ou alugamento a terceiros das instalacións deportivas reservadas.
- e) Colocar publicidade propia das entidades usuarias con carácter fixo ou móbil en espazos non autorizados para iso.
- f) As faltas de respecto, insultos ou calquera tipo de agresión verbal a outros usuarios, persoal operario de servizo administrativo, recepcionistas e monitores deportivos

5. Serán moi graves as infraccións que supoñan:

- a) O incumprimento da lexislación vixente aplicable a instalacións deportivas en materia de tabaquismo, bebidas alcohólicas e substancias estupefacientes.
- b) O acceso ao recinto da zona de auga con enfermidades infecto-contaxiosas, salvo informe médico en sentido contrario.
- c) Os malos tratos aos usuarios e empregados do Servizo ou persoas con mobilidade reducida ou cando se utilice a violencia.
- d) Ás actitudes, condutas e exhibición de simboloxía que sexan discriminatorias en razón da condición sexual, racista, xenófoba e ideolóxica, ou que fomenten a violencia no deporte.
- e) O impedimento do uso das instalacións ou dos servizos deportivos a outros usuarios con dereito á súa utilización sempre que afecte a menores de idade ou persoas con mobilidade reducida ou se utilice a violencia.
- f) O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento do servizo público.
- g) Os actos de deterioración grave ou relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións e elementos, sexan mobles ou inmoables. Considéranse moi graves cando o custo da súa reparación é superior a 3.000 euros.
- h) As reiteradas faltas de respecto, insultos ou calquera tipo de agresión verbal vexatoria a outros usuarios, persoal operario de servizo ou administrativo, recepcionistas e monitores deportivos.

6. Ás infraccións leves aplicaráselles unha sanción de apercibimento a multa de 100,00 a 500,00 euros e privación dos dereitos de usuario e da utilización de instalacións de ata un mes.

Ás faltas graves aplicaráselles unha sanción de multa de 500,01 a 1.000,00 euros, ademais de privación dos dereitos de usuario e da utilización das instalacións dun a tres meses.

Ás faltas moi graves aplicaráselles sanción de multa de 1.000,01 a 3.000,00 euros, ademais de privación dos dereitos de usuario e da utilización das instalacións de tres meses a un ano.

A reiteración de faltas moi graves pode levar consigo a expulsión definitiva da instalación. Con independencia das sancións que poidan impoñerse polos feitos tipificados neste apartado, o infractor estará obrigado, se fose o caso, á restitución e reposición dos bens ao seu estado anterior, coa indemnización dos danos e perdas causados.

7. Na imposición das sancións haberase de ter en conta o principio de proporcionalidade, en garantía da adecuación entre a gravidade do feito infractor e a contía da sanción para aplicar. Con todo, na imposición das sancións terase en conta que, en todo caso, a comisión da infracción non resulte máis beneficiosa para a persoa infractora que o cumprimento das normas infrinxidas.

8. A potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido na lexislación do procedemento administrativo común, e en todo caso mediante procedemento contradictorio e con audiencia ás persoas interesadas. A resolución do procedemento corresponderalle á Presidencia ou órgano en quen delegue.

Artigo 8. Réxime de protección dos datos persoais

Os datos persoais facilitados polas persoas usuarias incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento da Deputación Provincial de Ourense, e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e coa Lei orgánica 3/2018, de protección de datos de carácter persoal e de garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento baséase no cumprimento dunha obrigaón legal e/ou o cumprimento dunha misión realizada en interese público.

O prazo de conservación dos datos será o legalmente previsto.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, se é o caso, tras o previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados por esta Administración poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirase a dpd@depourense.es.

Así mesmo, os usuarios e usuarias tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

2º) O presente acordo someterase a información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio inserido na sede electrónica da Deputación e no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións, que, no seu caso, deberán ser resoltas polo Pleno. No caso de non presentarse reclamacións ou suxestións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Unha vez aprobado definitivamente o Regulamento de utilización e funcionamento do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, procederase á publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

10º.- BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2021.-

A deliberación deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 6º e 11º da orde do día.

Sométese a votación en primeiro lugar a emenda presentada polo BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), do Grupo Socialista (9), e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo (1), o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez (1), e a abstención de Ciudadanos (1).

A continuación sométese a votación a aprobación das bases reguladoras, e co voto favorable do Grupo Popular (12), do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez (1) e de Ciudadanos (1) e o voto en contra do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial para o exercicio 2021, co seguinte teor literal:

1ª) Obxecto.

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación dos procedementos de elaboración e execución do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2021.

2ª) Estrutura do Plan Provincial de Cooperación 2021. Distribución dos investimentos por concellos.

1. O Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais para o exercicio 2021 comprenderá as seguintes clases de investimentos:

- Investimentos en obras de mellora e conservación da rede viaria provincial, de titularidade da Deputación Provincial.
- Investimentos en obras de competencia municipal, preferentemente as necesarias para a efectiva prestación dos servizos municipais obrigatorios enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.

2. O Plan provincial 2021, tanto no apartado da rede viaria provincial coma no relativo ás obras municipais (neste caso ata o importe máximo establecido para cada termo municipal nestas bases) financiarase na súa integridade pola Deputación Provincial de Ourense, resultando en consecuencia o seguinte cadro básico de financiamento:

Obras municipais:

- Deputación Provincial: 100,00 %
Obras da Rede Viaria Provincial:
- Deputación Provincial: 100 %

3. Non obstante, no caso das obras municipais, os concellos voluntariamente poderán efectuar achegas adicionais para o financiamento das obras, alterándose automaticamente o cadro de financiamento nesas supostos. Doutra banda, incluíranse igualmente no Plan Provincial, todas aquelas obras para as que os concellos soliciten a súa inclusión, dotadas de financiamento exclusivamente municipal ou procedente doutras administracións públicas, para os efectos de obter a declaración de utilidade pública de cara a posibilitar a obtención de terreos mediante expropiación forzosa.

4. A distribución do investimento prevista no Plan Provincial 2021 é a seguinte:

- a. Investimento total previsto na Rede Viaria Provincial: 1.500.000,00 €
Achega da Deputación á RVP (100%): 1.500.000,00 €
- b. Investimento total previsto en obras municipais (incluída a Entidade Local Menor de Berán): 4.716.000,00 €, dos cales 4.440.000,00 € destinados á execución material das obras e 276.000,00 € destinados a servizos complementarios á execución das obras.
Subvención Deputación obras municipais (100,00 %): 4.716.000,00 €

5. A distribución territorial por concellos do investimento en obras municipais efectuarase mediante a asignación a cada concello da provincia dunha cota alícuota de investimento subvencionado, resultando un investimento por termo municipal de 51.000,00 €; da dita cantidade, 48.000,00 € destinaranse ó financiamento dos contratos de execución material das obras e 3.000,00 € ó financiamento dos contratos de servizos complementarios á execución das obras (con especial consideración das asistencias técnicas para a redacción de proxectos, a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde das actuacións).

O investimento con cargo a fondos provinciais asignado a cada concello poderá dedicarse a unha ou varias obras, a elección dos concellos, podendo supoñer o seu financiamento íntegro ou parcial, sempre e cando as obras correspondan a competencias municipais.

Sen prexuízo do anterior, e tal e como se sinala no apartado 3, poderán incluírse investimentos de contía superior á achega provincial, correspondentes á mesma obra ou obras subvencionadas ou a outras obras, sempre e cando o concello achegue o financiamento complementario preciso.

6. No plan poderanse incluír obras adicionais para a utilización de remanentes producidos por anulación de obras. As ditas obras deben cumprir os requisitos necesarios para seren incluídas no Plan segundo o establecido nesta base.

7. Os remanentes das achegas provinciais obtidos por baixas na adxudicación das obras (tanto municipais como da rede viaria provincial), destinaranse na súa integridade ó financiamento de obras da rede viaria provincial; os remanentes das achegas municipais, de se-lo caso, reintegraranse ó concello respectivo.

3ª) Solicitudes dos concellos: prazos e documentación.

1. Solicitudes: requisitos xerais.

Co fin de garantir o dereito dos municipios á participación na elaboración do Plan, estes poderán formular solicitudes para a inclusión de obras. As ditas solicitudes serán aceptadas obrigatoriamente pola Deputación Provincial, sempre que se formulen en tempo e forma e as obras reúnan os requisitos establecidos na base 2ª.

2. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán dirixírselle ó presidente da Deputación e deberán ter entrada no rexistro electrónico xeral da Deputación ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4

da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas antes de que remate o día 27 de novembro de 2020. Este prazo terá carácter improrrogable. A falta de formulación da solicitude en prazo dará lugar á perda do dereito á participación no Plan Provincial.

3. Documentación das solicitudes.

As solicitudes deberán incluír a certificación do acordo adoptado polo órgano municipal competente, solicitando a inclusión das obras no plan provincial e, de se-lo caso, a delegación da competencia para a súa contratación.

No acordo deben figurar a denominación descritiva das obras e o seu orzamento total, tendo en conta as seguintes regras:

- a. A denominación das obras deberá ser concreta e o suficientemente descritiva das actuacións (con expresa referencia ás principais unidades de obra para acometer) e da súa localización, con indicación do núcleo de poboación e da rúa onde se leven a cabo estas. Neste sentido, debe indicarse concretamente o núcleo ou núcleos onde se actuará polo seu nome propio, sen que sexan admisibles referencias a unha “zona”, “barrio” ou “parroquia” ou referencias semellantes. Nas obras de mellora e conservación da rede viaria municipal, figurarán ademais os puntos quilométricos entre os que se executan estas.
- b. Nas actuacións plurianuais, a continuación da descrición das actuacións, farase constar esta condición, así como a anualidade á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación.
- c. Nas obras correspondentes a unha fase determinada dun proxecto, a continuación da descrición de actuacións farase constar a fase á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación. Para estes efectos, debe terse en conta que cada fase debe ter a condición dunha obra completa, susceptible de uso público independente, sen prexuízo da súa integración nun proxecto complexo.
- d. Cando unha solicitude recolla obras de diversa natureza para satisfacer máis dun servizo, incluírase en primeiro lugar a denominación da obra de maior importe económico (por exemplo, nunha obra de abastecemento e pavimentación, se o abastecemento ten maior importe económico describirase como “abastecemento e pavimentación en..”).
- e. No orzamento total das obras entenderase incluído o IVE. Non se considerarán incluídos, en cambio, os custos de redacción de proxectos nin os honorarios de dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde, que serán obxecto de contratación independente.

4. Para a formulación das súas solicitudes, os concellos deberán ter en conta os datos da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.

5. Elaboración do proxecto de Plan Provincial. Corrección de deficiencias.

Unha vez rematado o prazo de formulación de solicitudes, o Negociado de Obras e Infraestruturas da Sección de Contratación procederá á elaboración do proxecto de Plan para o exercicio 2021, que será sometido ó ditame da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, e á aprobación inicial por parte do Pleno na sesión ordinaria do mes de decembro de 2020.

No período de elaboración do documento, o Negociado de Obras e Infraestruturas comunicarlles telefonicamente aos concellos as posibles deficiencias observadas nas solicitudes, para a súa corrección urxente polos concellos dentro do dito prazo.

6. Consecuencias da presentación extemporánea de solicitudes ou da falta de corrección de deficiencias.

No caso de que os concellos non remitan a súa solicitude dentro do prazo establecido, ou non corrixan as deficiencias observadas, a Deputación non incluírá ningún investimento para ese

concello no Plan Provincial. O remanente de financiamento resultante destinarase a obras adicionais na rede viaria provincial.

4ª) Tramitación do Plan provincial:

Unha vez aprobado inicialmente polo Pleno, o Plan Provincial será sometido a información pública por dez días hábiles mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia. De formularse alegacións, estas serán resoltas polo Pleno. De non formularse alegacións, o Plan considerase definitivamente aprobado.

Unha vez aprobado definitivamente o plan, a Presidencia da Deputación fará pública esta circunstancia mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, iniciándose o prazo de execución.

As modificacións relativas ás obras municipais que teñan de tramitarse a instancias dos concellos respectivos logo da aprobación definitiva do plan (tales coma modificacións dos orzamentos das obras que afecten exclusivamente ás achegas municipais, cambios na denominación das obras, incorporación e baixa de obras do plan,..), serán autorizadas por acordo da Xunta de Goberno provincial, sempre que non afecten ao orzamento total do plan nin á súa distribución por municipios.

5ª) Execución do Plan provincial:

A competencia para a execución das obras comprendidas no Plan Provincial, tanto no relativo ás actuacións na rede viaria provincial coma ás obras municipais, corresponderalle á Deputación Provincial mediante a contratación de ditas obras con empresa solvente a través dos procedementos e co réxime establecido para a contratación de obras públicas na vixente lexislación de contratos do sector público.

Non obstante o anterior, os concellos que realicen achegas complementarias por importe igual ou superior ó 100 % do financiamento comprometido pola deputación provincial para execución material das obras (48.000,00 € por termo municipal), poderán solicitar a delegación para a contratación da obra ou obras correspondentes.

En ningún caso poderá acordarse a execución por administración das obras financiadas con cargo o plan provincial.

A Deputación Provincial (e no seu caso os concellos) deberán adxudicar as obras antes do 30 de novembro de 2021 e as obras deberán quedar totalmente rematadas antes do 31 de decembro de 2021; non obstante o anterior e sempre que conorra causa xustificativa suficiente, poderá ampliarse o prazo de execución das actuacións incluídas no plan polo tempo indispensable para o seu remate, co límite do día 30 de novembro de 2022.

A contratación das asistencias técnicas que teñan por obxecto a redacción de proxectos e a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde nas obras municipais, realizarase pola deputación con cargo o crédito consignado con tal fin nestas bases. Non obstante o anterior, entenderase delegada a competencia para a contratación das ditas asistencias técnicas a favor de aqueles concellos que, en consideración ó investimento municipal comprometido, teñan solicitado a delegación da competencia para a contratación das obras.

Nas obras financiadas con cargo ó plan provincial instalarase, en lugar visible, o pertinente cartel de obra segundo o modelo aprobado por esta deputación, debendo permanecer instalado o dito cartel dende a data da sinatura da acta de comprobación do *replanteo* ata a data de expiración do prazo de garantía.

6ª) Execución das obras pola deputación

1. A Deputación procederá á contratación das obras da rede viaria provincial (en todo caso) e das obras municipais que non teñan sido obxecto de delegación consonte coa base anterior.

2. Para a contratación das obras municipais pola Deputación, os concellos deberán cumprimentar, antes do 30 de setembro de 2021, os seguintes trámites:

- Remisión á Deputación Provincial do acordo do órgano municipal competente contendo as seguintes determinacións:

a) Aprobación do proxecto técnico de obras

b) Declaración expresa de que a actuación proposta é conforme coa normativa urbanística e a lexislación sectorial de aplicación e dispón das autorizacións sectoriais esixibles. Non obstante, cando a autorización sectorial esixible sexa a da propia Deputación no exercicio das súas competencias en materia de defensa das estradas provinciais, o acordo municipal indicará dito extremo, tramitándose de oficio pola Deputación a correspondente autorización.

c) Posta á disposición da Deputación Provincial dos terreos necesarios para a execución das obras.

d) Compromiso de asumir tódalas indemnizacións que resulten procedentes cando as obras non poidan executarse por falta de disposición dos terreos ou das autorizacións necesarias con dito fin.

e) Declaración expresa de que a actuación non incorre en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación.

f) Declaración expresa de que a actuación de que se trata constitúe unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente ou, no seu caso, que constitúe unha obra susceptible de aproveitamento independente no sentido do uso xeral ou do servizo.

- Remisión da acta de *replanteo* (planeamento previo) das obras, debidamente asinada polo alcalde e polo redactor do proxecto.

7ª) Execución das obras por delegación

Para a execución das obras municipais por delegación, os concellos deberán remitir á deputación, antes do 30 de setembro de 2021, os documentos relacionados no apartado segundo da base anterior (a excepción da posta a disposición dos terreos a favor da deputación) xunto co proxecto técnico correspondente -os ditos efectos, a solicitude de delegación de competencia para a contratación das obras levará implícita, consonte coa base 5ª, a delegación da competencia para a contratación da redacción do pertinente proxecto técnico e as demais asistencias técnicas complementarias á execución das obras- e o compromiso de efectuar as achegas precisas para o financiamento da actuación na contía necesaria para completar a achega provincial.

Logo de verificada a corrección e suficiencia da documentación achegada, previo o informe favorable da Oficina provincial de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras e comprometida a achega municipal na porcentaxe esixida ós ditos efectos, concederase por resolución da presidencia a delegación da competencia para a contratación das obras.

A deputación librará o 75% da súa achega á remisión do certificado acreditativo da adjudicación das obras e de formalización do pertinente contrato. O 25% restante librarase coa achega do certificado de finalización das obras xunto coa acta de recepción e a foto do cartel de obra.

8ª) Adquisición dos terreos necesarios para a execución das obras. Expropiación forzosa.

No suposto en que sexa necesaria a expropiación forzosa de bens ou dereitos, o concello comunicarlle esta circunstancia á Deputación, que procederá á dita expropiación, sendo de conta do concello os custes derivados da expropiación. Para estes efectos, os concellos subscribirán un convenio de colaboración coa Deputación Provincial, no que se recollerán as obrigas do concello no procedemento expropiatorio.

9ª) Réxime especial para os concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta.

Os concellos que, de conformidade cos criterios que seguidamente se determinan e tras a oportuna xustificación previa da dita circunstancia perante a Intervención Provincial, se atopen nunha situación manifesta de insuficiencia financeira, poderán optar entre adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases anteriores ou solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais en todo o parte do importe da achega provincial ás obras municipais (ata 48.000,00 €) con destino á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na presente base. A xustificación da utilización dos fondos percibidos ao abeiro do disposto nesta cláusula, achegarase antes de que remate o día 2 de decembro de 2021 mediante conta xustificativa asinada polo alcalde e o interventor de fondos do concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións.

Para os efectos do establecido nesta base, consideraranse incursos en situación de insuficiencia financeira manifesta os concellos que na liquidación do exercicio de 2019 presenten resultado orzamentario negativo e remanente de tesourería negativo.

Así mesmo, os concellos cuxo nivel de endebedamento fose superior ao 110% no ano 2019 poderán dispoñer desta cantidade para pagamento de débeda.

10ª) Réxime especial para a entidade local menor de Berán.

A entidade local menor de Berán, nos mesmos termos fixados nas bases anteriores para os concellos, poderá beneficiarse dunha achega provincial por importe de 24.000,00 € con destino a investimentos en servizos da súa competencia ou, de se-lo caso, á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente da entidade previa a xustificación de atoparse incurso en situación de insuficiencia financeira manifesta. Da dita cantidade poderá destinarse ata un máximo de 2.000,00 € para a contratación dos servizos complementarios precisos para a execución dos investimentos proxectados.

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e na sede electrónica da Deputación, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas as bases de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

11º.- MOCIÓN DE CIUDADANOS PARA QUE NOS ORZAMENTOS DE 2021 SE RECOLLA UNHA ÚNICA ACHEGA PARA OS CONCELLOS, CUMPRINDO COS PRINCIPIOS DE OBXECTIVIDADE, EQUIDADE E TRANSPARENCIA, PRESCINDINDO PUNTUALMENTE DOS PLANS PROVINCIAIS, COMO CONSECUENCIA DO COVID-19.-

A deliberación deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 6º e 10º da orde do día.

Sométese a votación a última versión da moción, do 21 de setembro de 2020, e co voto favorable de Ciudadanos (1), do Grupo Popular (12) e do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez, o voto en contra do Grupo Socialista (9) e a abstención do BNG (1) e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar ao grupo de goberno provincial a que modifique as bases do Plan provincial de cooperación e do Plan provincial de Mocidade, para que cada un dos concellos da provincia poida utilizar estes recursos económicos no que entenda que é máis necesario e urxente para o seu territorio, xa sexa para adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases actuais ou solicitar o ingreso nas arcas municipais para paliar os efectos do COVID-19, excluindo gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas nas bases.

2º.- Manter as bases do Plan provincial de Empregabilidade, posto que entendemos que o emprego é unha das formas de paliar os efectos da pandemia.

3º.- Instar ao grupo de goberno provincial a seguir traballando e cooperando entre o goberno e a oposición para o benestar dos veciños e veciñas da nosa provincia.

12º.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DO ACORDO ANTITRANSFUGUISMO.-

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda Ciudadanos, e cédelle a palabra ao BNG, para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª. intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): comeza a súa intervención referíndose ás mocións de censura aprobadas no mes de agosto nos concellos de Castrelo de Miño e Viana do Bolo, onde concelleiros elixidos nas listas do partido socialista apoiaron sendas mocións con candidatos á alcaldía do PP, censurando a alcaldes do BNG. Lembra que todos os partidos con presenza nesta Deputación, agás DO, asinaron o denominado pacto antitransfugismo onde se define ao tránsfuga como aquel que traizo a aos seus compañeiros de lista e grupo mantendo estes últimos a súa lealdade coa formación política coa que se presentaron nas correspondentes eleccións locais, ou apartándose individualmente ou en grupo do criterio fixado polas organizacións políticas que os presentaron, ou sendo

expulsados destas pactan con outras forzas para cambiar ou manter maiorías nunha entidade local. Engade que isto é o que pasou tal cal nos dous concellos, e que o PP asinou este pacto, lembrando as palabras dunha concelleira de Castrelo de Miño sobre presunta compra de vontades con postos de traballo e cartos. A continuación explica as propostas de acordo que figuran na moción, e como o acordo de goberno entre PP e DO na Deputación e no Concello tamén se ve afectado. Pasa a dar lectura a unha verbas de don Manuel Iglesias Corral (fiscal xeral da República) que en 1986 dixo que “aquí pasou o que pasou, e todos sabemos o que pasou”, e que estas verbas son totalmente acaídas neste caso. A continuación sinala que a situación que se está a vivir na política desta provincia supera á famosa serie de “xogo de tronos”, pedíndolle ao grupo de DO que aclare a súa postura e a súa situación. Seguidamente amosa unha imaxe do presidente da Deputación co recente nomeado alcalde de Castrelo de Miño o día 11 de agosto deste ano na que se manifestaba a vontade de arranxo da estrada de Armada-Astariz OU-304, pasando a ler un informe da área de infraestruturas desta Deputación deste mesmo ano no que se conclúe que non se considera necesaria nin prioritaria a intervención de pavimentación nesta estrada solicitada nesta estrada polo anterior alcalde do BNG. Por último manifesta que aceptará a emenda do grupo de CS.

- 1ª. intervención Montserrat Lama (grupo de CS): sinala estar en parte de acordo co contido da moción, pero non con outras afirmacións dela. Volve solicitar a votación por puntos das propostas de acordo, xa que manifesta estar de acordo co punto 1 e 2 pero non acaba de entender o punto 3 e considera fóra de lugar algunhas afirmacións que deberán dirimirse nun xulgado entre as persoas afectadas. Por último pasa a dar lectura á emenda de engadega presentada polo seu grupo.

- 1ª. intervención Miguel Caride (grupo de DO): comeza a súa intervención dando lectura a un texto do catedrático de Dereito Constitucional Javier García Roca, profesor da Universidade Complutense e letrado do TC, dentro do seu artigo sobre representación política e transfuguismo, e no que conclúe que debe aceptarse un concepto estrito de transfuguismo, non bastando para isto apartarse da disciplina de partido ou de grupo, polo valor que ten o mandato dos cargos electos. A continuación dá lectura a un texto do profesor Eduardo Virgala no que se indica que os partidos políticos están cada vez máis afastados da sociedade e que a súa estrutura e funcionamento interno non se teñen adaptado á sociedade, onde prevalecen os aparatos sobre a militancia, e considerando ao transfuguismo un fracaso dos partidos políticos. A continuación sinala non ter información para poder valorar o acaecido nos

concellos de Castrelo de Miño e Viana do Bolo, nin coñecer as motivacións para actuar deses concelleiros. Sobre o terceiro punto da moción manifesta sentirse molesto porque o BNG lle pida explicacións ao presidente da Deputación pero non o faga no concello, que é onde está o culpable desa situación. Diríxese a continuación ao voceiro socialista, que no pleno do concello de Ourense se dirixiu a el como tráfuga, para indicarlle que se preguntou por escrito ao Ministerio do Interior sobre a representación legal do partido de DO e no que se contesta que non existe nomeamento de cargos públicos no partido de DO desde a data 26.06.2001, e que a Lei orgánica de partidos políticos establece como prazos de renovación cada 4 anos, e que se se chega ao dobre, 8 anos, o partido estaría incurso en causa de disolución. A continuación explica brevemente cales son as irregularidades que o levaron a el e aos seus compañeiros a presentar unha denuncia no xulgado, que non se trata de discrepancias políticas, senón de liñas vermellas que se sobrepassaron dende o punto de vista incluso legal.

- 1ª. intervención Ignacio Gómez (Grupo Socialista): comeza a súa intervención sinalando a importancia da oposición, sinalando que en dous meses nos que non hai control na Deputación por non haber pleno nin comisións, o PP procedeu a facer dúas mocións de censura e a fichaxe do alcalde de San Xoán de Río, acusando ao Partido Popular de ser a antítese da democracia. Diríxese a continuación ao deputado Miguel Caride para ler a definición de tráfuga que figura no dicionario da RAE, e que o cualifica como persoa que cambia de ideoloxía ou dunha colectividade a outra e persoa que cun cargo público non abandona este ao separarse do partido polo que se presentou, cualificando a este deputado como tráfuga de manual. A continuación pregúntalle a Miguel Caride que na campaña electoral das eleccións municipais de 2019, nas que tanto criticaba ao señor Baltar, senón se preguntaba entón de onde saían os cartos para tantas “frikadas”. Seguidamente afirma que os pactos antitráfugismo son a defensa da democracia, non dos partidos, e que o abandono é case sempre por intereses persoais. Seguidamente aventura que o deputado Miguel Caride será o que asuma as competencias e as retribucións do deputado Armando Ojea cando sexa cesado, e que o que tiña que facer era presentar as denuncias correspondentes e marchar para a súa casa, por decencia política. Lembra como hai pouco os voceiros do PP defendían ao señor Jácome e a vixencia do pacto con DO, e que o que agora hai nesta Deputación é un pacto entre o PP e un tráfuga, pedíndolle ao señor Caride que asuma que fracasou en política e que marche para a súa casa.

- 1ª. intervención Rosendo L. Fernández (grupo do PP): comeza a súa intervención para preguntar como se poden cualificar de tráfugas aos concelleiros do grupo socialista dos concellos de Castrelo de Miño e Viana do Bolo, que non estando nunca no grupo de goberno, deciden ter criterio propio e apoiar outra alternativa. Sinala que se lle terá que preguntar ao responsable do partido socialista na provincia por que se lle van os concelleiros e por que moitos do grupo municipal no concello de Ourense o desmenten continuamente. Seguidamente dá lectura ao escrutinio das eleccións municipais en Castrelo de Miño e Viana do Bolo e engade que na elección dos respectivos alcaldes estes concelleiros do partido socialista non apoiaran aos alcaldes do BNG. Engade a continuación que a moción de censura é un instrumento legal para acordar maiorías e dotar de gobernabilidade aos respectivos concellos, e avalado polo TC. Sinala que ambas mocións se axustan plenamente á legalidade e que tanto BNG como PS de G-PSOE foron incapaces nunca de chegar a ningún acordo nestes concellos, e gobernando sempre en minoría. Sobre e emenda de engadega de CS sinala que non a admitirán porque iso suporía aceptar a moción do BNG, pero si a admitirían se fose de substitución.

- 2ª. intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): toma a palabra para referirse agora ao alcalde de San Xoán de Río José Miguel Pérez, xa que merece un apartado especial. En primeiro lugar que minte cando afirma que ningún outro partido se achegara a el, manifestando que el mesmo estivo no seu despacho escoitando as súas inxedanzas. Sobre este concello lembra que o PP presentou como candidato a un anterior alcalde do partido socialista, e que parece que en San Xoán de Río votar non é unha opción, xa que vote o que vote, acaba cun alcalde do PP. Respecto ao do concello de Ourense, sinala que a frase que aparece entre comiñas na moción foi pronunciada por Jesús Vázquez, coordinador do Grupo Popular no concello. Por último sinala que haberá que inventar un nome ao que está a pasar no concello de Ourense, porque temos á cidadanía despistada e indignada, lembrándolle ao voceiro do PP que o seu partido asinara o pacto antitránfugismo coas definicións que alí aparecen.

- 2ª. intervención Miguel Caride (grupo de DO): comeza aclarando que as reflexións que fixo e que compartiu na súa primeira intervención deben ser tidas en conta, e que son os partidos os que deben loitar desde dentro contra o transfugismo. Diríxese ao deputado Ignacio Gómez para explicarlle que se trata dun enfrontamento concreto cunha persoa, e que os feitos denunciados son todos recentes e probados, e que unha mostra de dignidade porque moitos

deles deixaron de ter retribucións no concello. Engade que no concello existe un problema moi serio de gobernabilidade, e que o deputado Ignacio Gómez parece que busca enfrontamentos e defende ao actual alcalde Gonzalo Jácome, en vez de buscar acordos e solucións que é o que demanda a cidadanía. Sinala que el e os seus compañeiros están convencidos de ter feito o que debían ante feitos tan graves que a xustiza resolverá.

- 2ª. intervención Ignacio Gómez (grupo socialista): comeza sinalando que el en ningún momento abandonou a súa ideoloxía nin ao seu partido, no que leva máis de trinta anos. Respecto a situación de Ourense pregunta se no concello tería que gobernar entón a lista máis votada, lembrando que esta foi a do PS de G-PSOE. Sobre as mocións de censura lexítimas pon como exemplo a que pode producirse en Ribadavia, en onde 8 concelleiros de esquerdas están na oposición e 5 do PP no goberno, comparándoa coas de Castrelo ou Viana onde eses concelleiros xa non están no partido socialista. A continuación sobre a acusación feita de apoiar ao alcalde de Ourense lembra que o pacto da alcaldía foi co PP e non cos socialistas, pese a ser a lista máis votada. Engade que o culpable do que pasa en Ourense é o señor Baltar, que para salvar a Deputación, obrigou aos seus concelleiros a apoiar ao actual alcalde pese aos insultos que recibían deste alcalde cando estaba na oposición. Por último pídelles ao señor Caride que renuncie ao seu soldo, que marche para a súa casa, e que ese sería o primeiro paso para mudar o goberno desta casa e solucionar o problema do concello.

- 2ª. intervención Rosendo L. Fernández (grupo do PP): comeza lembrando o problema que ten o partido socialista na provincia, xa que se van os concelleiros continuamente. Sinala que nos concellos de Viana do Bolo e de Castrelo de Miño houbo unha inacción do grupo de goberno, que motivou as mocións de censura. A continuación pasa a lembrar a primeira moción de censura deste mandato nun concello galego, concretamente no de Fene, onde o BNG conseguiu a alcaldía que tiña o PP con este mecanismo, acusando ao BNG e ao PSOE de criticar esta figura pero practicala.

- Quenda de peche Bernardo Varela (BNG): remata explicando que nos casos indicados como o de Fene a vontade dos partidos era precisamente apoiar as mocións de censura, amosando a diferenza das mocións de Castrelo de Miño e Viana do Bolo que se fixéron contra os criterios do partido, neste caso do PSOE. Seguidamente lee unha noticia na que representantes do partido SON de Manzaneda acusan ao PP de tentar compralos. Por último sinala que no referente ao concello de Ourense a súa proposta é moi clara, que governe a lista máis votada.

Para rematar volve a empregar as palabras da súa primeira intervención sinalando que aquí está a pasar o que está a pasar e todos sabemos o que está a pasar.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación en primeiro lugar a emenda de engádegas de Ciudadanos, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Ciudadanos (1), do Grupo Socialista (9), do BNG (1), e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez.

A continuación sométense a votación, separadamente, os puntos de acordo recollidos na moción, co seguinte resultado:

Punto 1º.- É rexeitado ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo (1), do BNG (1) e de Ciudadanos (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez (1).

Punto 2º.- É rexeitado ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo (1), do BNG (1) e de Ciudadanos (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez (1).

Punto 3º.- É rexeitado ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (1), do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez (1) e Ciudadanos (1), e a abstención do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo.

13º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA EN RELACIÓN CO PROTOCOLO FRONTE O CORONAVIRUS NA VOLTA ÁS AULAS ESTE VINDEIRO CURSO ESCOLAR.-

O Sr. presidente anuncia que Ciudadanos presentou unha emenda a esta moción e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o seu contido.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª. intervención Aurentino Alonso (Grupo Socialista): comeza a súa intervención agradecendo o traballo realizado polo persoal educativo, administrativo e de servizos dos centros de ensino galegos no inicio e posta en marcha deste curso 2020-2021. Lembra que a pandemia do COVID-19 supuxo un reto inédito para todas as administracións, e a importancia de retomar a educación presencial neste curso en condicións de seguridade. A continuación relata como se foi producindo o inicio do curso de xeito escalonado, e a incerteza que xera o

descoñecemento da evolución que poida ter a pandemia e a importancia de prever os diferentes escenarios, que debe plasmarse nun protocolo claro para todos os centros educativos. Neste punto lembra que o protocolo elaborado pola Consellería de Educación leva xa tres versións en moi pouco tempo e que está sendo rexeitado pola totalidade da comunidade educativa e mesmo dos concellos. Lembra igualmente o abandono da Consellería aos centros durante os derradeiros meses do curso pasado. Insiste en que o goberno da Xunta, con competencias e responsabilidades no ámbito educativo, estivo a eludir estas dun xeito errático, con desatención aos centros de ensino. A situación a día de hoxe pode resumirse do seguinte xeito, en educación infantil e primaria non se garante a separación mínima interpersoal de 1,5 metros, o uso de anteparos e a ausencia de ventilación nas aulas incrementa o risco de contaxios, e hai un importante incremento das superficies de limpeza. Non existen espazos alternativos que permitan o desdobre e moitos centros optaron pola semipresencialidade, que é moito máis barata que a contratación de profesorado. A xestión informativa da Xunta é totalmente opaca e coñécese a información a través dos medios de comunicación, e continua a negativa da Xunta a contratar persoal de limpeza para os centros, cando é unha competencia impropia dos concellos. Como mostra do fracaso da política da Xunta lembra que recentemente se cesou á conselleira de Educación.

- 1ª. intervención Montserrat Lama (grupo de CS): manifesta novamente a súa petición de votar por puntos, manifestando estar en parte de acordo coa moción. Sinala que estamos ante unha situación moi difícil e que para os concellos está a supoñer un auténtico reto asumir os gastos de limpeza dos centros educativos. Por último pasa a dar lectura á emenda que presenta o seu grupo en referencia a un protocolo de intervención rápido

- 1ª. intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): sinala que en principio están de acordo coa moción presentada, e que a capacidade de xestión da Xunta durante o verán deixou bastante que desexar, sendo unha boa mostra o cese da conselleira de Educación. Lembra que na derradeira semana por fin a Xunta procedeu á contratación de novo profesorado, pero que na maioría dos centros non se vai poder gardar o espazo interpersoal de 1,5 metros. A continuación fai un chamamento á corresponsabilidade individual dos pais, nais e alumnos, e veciñanza en xeral, para que exerzan a súa responsabilidade persoal xa que é o factor principal para poder atallar os efectos desta pandemia. A continuación sinala que esta cuestión aínda que non é competencia dos concellos si é da súa incumbencia, e concretamente o relativo aos gastos de limpeza dos centros escolares, lembrado o acordo asinado no seo da

FEGAMP coa Xunta de Galicia no ano 2006 e que a día de hoxe é incumplido pola Xunta de Galicia, no senso de ir asumindo os gastos de limpeza de centros escolares e PACS. Anuncia finalmente que apoiará a moción, se ben se se vota por puntos se absterá no punto dous.

- 1ª. intervención Miguel Caride (grupo de DO): amosa a súa conformidade co chamamento feito por Bernardo Varela á corresponsabilidade individual para loitar contra os efectos da pandemia. Sinala que non está conforme coa forma da moción, e que o grupo propoñente deberá encamiñar esta moción dende o Parlamento de Galicia, onde ten representantes. Engade que existe un Protocolo do 22 de xullo de 2020 publicado pola Xunta de Galicia, e que en todo caso se trata de asuntos que nos deben preocupar pero alleas ao ámbito de competencias da Deputación, indicando que votará en contra da moción.

- 1ª. intervención César Fernández (grupo do PP): sinala que estamos ante un tema moi transcendente no contexto actual, engadindo que o relato caótico que se fixo da realidade fai difícil encontrar puntos de consenso. Sinala que debemos partir da dificultade de deseñar un protocolo nun contexto inédito como o que nos atopamos, e que o goberno galego nestes últimos meses foi tomando medidas e dando pasos para chegar ao inicio do curso cun protocolo aprobado. Engade que este protocolo debe ser un documento flexible xa que a realidade vai cambiando de xeito moitas veces imprevisible. Sinala que o 27 de agosto o Ministerio de Educación reuniu á Conferencia Sectorial, a poucos días do inicio do curso, e o 31 de agosto a Xunta de Galicia adapta o seu protocolo ao acordado na referida conferencia. O traballo da Xunta de Galicia foi moi importante neste ámbito e fóronse atendendo as demandas dos centros educativos, e se conta cun protocolo e ferramentas que van permitir acudir ás aulas con seguridade. Sinala a continuación que bota de menos que neste debate sobre a educación aínda non se falase de calidade, de equidade ou de inclusión, indicando que o sistema educativo galego se caracteriza por ser un sistema de calidade, equitativo e inclusivo, e así o reflicten os derradeiros informes Pisa. Conclúe que fronte o discurso caótico do Grupo Socialista convén dar tamén doses de realidade, sinalando que van votar en contra da moción presentada.

- 2ª. intervención Aurentino Alonso (Grupo Socialista): comeza dando unha serie de datos como é o feito da posta a disposición dos concellos para asumir os gastos de limpeza dos centros educativos, sinalando que esta situación lles está a pasar a todos os concellos con centros educativos, gastos de limpeza, pantallas protectoras, papeleiras de pedal, persoal de apoio para gardas de comedor e outros. Sinala que alguén debe botar man disto, e se a Xunta

non o fai que o faga a Deputación, como fixeron outras como Ciudad Real ou Toledo. Engade que se contrataron 847 profesores en secundaria, e 240 en infantil e primaria, pero non 2000 como anunciara o conselleiro de Educación, e os colexios aínda que melloraron en persoal, teñen carencias moi importantes. Sinala que os protocolos da Xunta se negan a pagar desdobres e que nas aulas se incumpre a distancia interpersoal de 1,5 metros e anuncia que moitos concellos van ter moitas dificultades para financiar todos estes gastos.

- 2ª. intervención Montserrat Lama (grupo de CS): sinala que a descrición da realidade que fixo o deputado do PP dista bastante da verdadeira realidade. Recoñece que estamos ante unha situación moi complexa, e a proba e que en Ourense a situación se está agravando moito. A realidade é que os equipos directivos dos centros se tiveron que buscar a vida e aproveita a ocasión para facer un chamamento a pechar os parques, xa que non ten sentido facer burbullas nos centros escolares e permitir que os nenos se xunten nos parques.

- 2ª. intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): manifesta a súa conformidade coa petición da voceira de CS, se ben indica que o problema e vixiar o cumprimento destas medidas, volvendo facer o chamamento á corresponsabilidade social das familias. Respecto á Xunta de Galicia sinala que é incomprendible que en determinados centros educativos e PACS a Xunta asuma a limpeza e noutros non, e entende que esta Deputación si é quen para pedirlle á Xunta que cumpra coas súas obrigas nestes eidos.

- 2ª. intervención César Fernández (grupo do PP): entende que as posicións están perfectamente definidas. Manifesta igualmente compartir a chamada á corresponsabilidade social, pero que problema moitas veces é cando saímos do ámbito escolar, que está protocolarizado, e non somos responsables. Volve sinalar que o protocolo actual é froito de toda a comunidade educativa, e que hai que dar un voto de confianza a que este protocolo vaia adaptándose e mellorando. Por último lembra que neste mesmo pleno se aprobou a modificación do plan provincial polo que os concellos que o desexen poderían cubrir este tipo de gastos ao seu cargo.

- Quenda de peche Aurentino Alonso (Grupo Socialista): sinala que o relato que el fixo é un relato cronolóxico e que foi o propio presidente da Xunta de Galicia o que na súa toma de posesión recoñeceu que era lamentable que as familias afrontasen o inicio do curso con confusión. En todo caso sinala que os casos de COVID-19 seguen e incrementarse nos colexios, e finalmente insta á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial a que asuman e cooperen cos concellos para asumir este tipo de gastos.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación, en primeiro lugar, a emenda de Ciudadanos, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do BNG (1), de Ciudadanos (1) e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez (1).

A continuación sométense a votación separadamente os puntos de acordo contidos na moción, co seguinte resultado:

Punto 1º.- É rexeitado ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do BNG (1), de Ciudadanos (1) e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez.

Punto 2º.- É rexeitado ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do BNG (1), de Ciudadanos (1) e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez.

Punto 3º.- É rexeitado ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do BNG (1), de Ciudadanos (1) e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez.

Punto 4º.- É rexeitado ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do BNG (1), de Ciudadanos (1) e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez.

Punto 5º.- É rexeitado ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do BNG (1), de Ciudadanos (1) e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez.

Punto 6º.- É rexeitado ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do BNG (1), de Ciudadanos (1) e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez.

Punto 7º.- É rexeitado ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9) e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo, o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez (1) e a abstención do BNG (1) e de Ciudadanos (1).

14º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A CREACIÓN DUNHA TARXETA MOZA E A CONSTITUCIÓN DUN CONSELLO PROVINCIAL DE XUVENTUDE NA PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. presidente anuncia que Ciudadanos presentou unha emenda a esta moción e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o seu contido.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª. intervención Diego Fernández (grupo socialista): toma a palabra para lembrar como na última década máis de trinta mil persoas mozas emigraron da nosa terra, o que demostra que esta Deputación, entre outras administracións, nunca lle prestaron a atención debida. A nivel provincial e local deben implementarse medidas de ofertas de servizos, de ocio e formativas, de fomento do comercio de proximidade, eventos deportivos, eventos culturais, principalmente no concello de Ourense. Trátase de ofertar alternativas para a xuventude, como fixeron outras provincias como Murcia ou Zamora, ou o concello da Coruña, que puxeron en marcha tarxetas para potenciar o consumo da xuventude. A proposta da moción consistiría nunha tarxeta de ámbito provincial, á que se poderían adherir os concellos e co respaldo doutras administración, e entidades e colectivos afíns, con descontos económicos no comercio e en taxas e impostos municipais, descontos nas rutas de transporte e outros. Sería a Deputación a encargada de difundir e dar publicidade a esta tarxeta que sería pioneira entre as deputacións de Galicia, e cun custo reducido debe ser un gran aliciente para mozos e mozas. Tamén se prevé na moción crear un consello asesor da xuventude que pode facer moitas achegas nas políticas provinciais, lembrando que a propia Deputación non dispón dunha área ou servizo de xuventude. Por último procede a dar lectura ás propostas de acordo contidas na proposta, e aproveita para referirse ás dúbidas amosadas polos grupos políticos nas comisións informativas, indicando que a tarxeta pode ser virtual, non ten porqué ser física, que o carné mozo da Xunta de Galicia está obsoleto e son xa moi poucos os comercios e entidades adheridos, e que en definitiva, o que pretende a moción é ser un incentivo para a nosa xuventude.

- 1ª. intervención Montserrat Lama (grupo de CS): sinala que sempre hai que ter en conta e escoitar á xuventude, se ben entende que na situación actual o importante é priorizar. Matiza que lle parece interesante e atractiva a proposta se ben debería valorarse se é o momento deste tipo de iniciativas. A continuación dá lectura e xustifica a emenda de modificación presentada polo seu grupo, e pregunta polo orzamento e dotación orzamentaria que se considera necesaria para a súa posta en marcha, xa que na moción non se recolle.

- 1ª. intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): adianta que o BNG se vai abster nesta moción, xa que están a favor de determinados aspectos da moción se ben outros lle xeran

dúbidas. Lembra que a media de idade da provincia é de 52 anos, e que o crecemento vexetativo é moi negativo. Engade que o carné mozo presenta certas vantaxes como poder ser empregado noutras provincias de Galicia e do estado, e que o que habería que facer é melloralo e potencialo. A continuación lembra que o programa provincial de mocidade é escaso na súa contía, sobre todo naqueles concellos que teñen unha franxa importante de habitantes en idade moza. Sobre a creación do consello provincial da xuventude lembra a creación da comisión “Ourense futuro” neste pleno, e como non se puxo aínda en marcha, xa que ningunha asociación ou colectivo ata do agora solicitou comparecer ou se interesou nesta canle de participación, polo que se amosa escéptico sobre se tería un seguimento este consello provincial da xuventude.

- 1ª. intervención Miguel Caride (grupo de DO): comeza a súa intervención sinalando que as políticas para apoiar á xuventude deben basearse en políticas de crecemento económico e de mellora das condicións de vida. Respecto ao contido da moción sinala non verlle demasiado sentido debido á existencia xa deste tipo de tarxetas, á existencia xa de programas de cooperación da propia Deputación e da existencia dun consello asesor nesta materia no ámbito autonómico, indicando por último que na situación actual deben priorizarse este tipo de iniciativas e entende que a moción, por esas razóns, non debe ser apoiada.

- 1ª. intervención Luz Doporto (grupo do PP): manifesta que como indicaron outros voceiros que a precederon no uso da palabra, non lle ve moita utilidade á tarxeta moza que se recolle na moción, e que quizás tería máis sentido instar a mellorar o carné mozo da Xunta de Galicia. A continuación sobre as afirmacións da moción de que o goberno provincial non lle presta atención á mocidade, quere rebater esta, e para isto pon como exemplos o programa de formación para a xuventude que posibilitou que existan hoxe mulleres condutoras de autobuses ou o programa de bolsas internacionais do ano 2008 ao ano 2015, con máis de 600 beneficiarios. En canto a programas actuais de apoio á mocidade cita o programa EmpredOU, grazas ao cal máis de 100 mozos e mozas desta provincia poden crear un proxecto de auto emprego na nosa provincia. Sinala que este programa está a ser moi valorado nos concellos de reto demográfico e que os alcaldes da provincia están moi satisfeitos con este programa.

- 2ª. intervención Diego Fernández (Grupo Socialista): comeza sinalando que o abandono da Xunta de Galicia polo carné mozo é total, e que non existen políticas autonómicas en prol da xuventude. Insiste en que esta tarxeta axudaría a visualizar este tipo de axudas e non entende porque para o grupo de goberno si vale a Comisión Ourense Futuro pero non este consello

provincial da xuventude. Indica que lle parece rechamante que desde o grupo do PP se diga que os alcaldes doutros partidos son máis activos que os do propio PP, e que eles están nesta Deputación para achegar, porque consideran que as políticas provinciais en prol da xuventude son practicamente nulas, e que esta moción se presentou en positivo e coa intención de mudar e cambiar, ou polo menos intentar, as políticas de xuventude desta provincia.

- 2ª. intervención Luz Doporto (grupo do PP): indica que a moción non se presentou en positivo, e mostra disto son os dous primeiros parágrafos da moción. A continuación pídelles ao grupo socialista que trate de obter resposta en Madrid ás reiteradas preguntas que se están a facer dende a Área de Benestar da Deputación, xa que o Ministerio non é capaz de contestalas, e urxe tomar unha decisión porque existen 40 mozos e mozas da provincia agardando a saber se poden cobrar ou non. Conclúe indicando que votarán en contra da moción.

- Quenda de peche Diego Fernández (Grupo Socialista): manifesta que non aceptan a emenda de modificación de CS e respecto á derradeira intervención do grupo do PP indica que se trata de temas do Ministerio e que non teñen nada que ver coa moción que se está a debater neste punto.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda de Ciudadanos, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Ciudadanos (1), o voto en contra do Grupo Popular (12), do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez e do Grupo Socialista (9), e a abstención do BNG (1) e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo.

A continuación sométese a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), o voto en contra do Grupo Popular (12), do deputado de DO don José Miguel Caride Domínguez, e de Ciudadanos (1), e a abstención do BNG (1) e do deputado de DO don Armando Ojea Bouzo.

15º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

16º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do

28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos dos meses de xullo e agosto de 2020.

Os membros da Corporación quedan informados.

17º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

- Aurentino Alonso (Grupo Socialista): pregunta relativa á estrada OU-0701 Manzaneda-Vilariño de Conso, sobre o afundimento da ponte sobre o regato da cea a finais do ano 2019. Sinala que a única actuación neste tempo foi un bacheado na estrada que se habilitou como trazado provisional, preguntando se se vai restituír o tramo afectado e cales son os prazos estimados de execución e se se vai a restituír a área recreativa afectada.

O Presidente dá lectura ao informe elaborado pola directora da Área de Infraestruturas no que se indica que en data 16.06.2020 se adxudicou a redacción do proxecto, cun prazo de redacción previsto de 2,5 meses (mes de outubro de 2020). Sobre os prazos estimados indica que a obra precisa autorización sectorial da CH, e que tendo en conta estes prazos e os do expediente de contratación a obra non podería iniciarse antes de outubro de 2021. Respecto á área recreativa indica que o proxecto que se está a redactar debe recoller entre as súas actuacións a reposición e acondicionamento da área recreativa.

- Aurentino Alonso (Grupo Socialista): pregunta sobre a estrada de San Agostiño no concello de Viana do Bolo, sobre se as partes asinantes do convenio cumpriron as súas obrigas sobre as consignacións orzamentarias e sobre os prazos previstos de execución das obras recollidas.

O presidente dá lectura en primeiro lugar ao informe da intervención provincial onde se indica que se prevé no orzamento de 2021 da Deputación a cantidade de 80.000,00 € e que unha vez que ENDESA transfira as cantidades comprometidas aprobarase un expediente de xeración de crédito para a achega inicial prevista. Respecto ás restantes preguntas dá lectura ao informe da directora da Área de Infraestruturas onde se indica que o proxecto lles foi encargado aos servizos provinciais en data 01.06.2020, estando na data de hoxe xa redactado, supervisado e aprobado, e que actualmente se están a tramitar as afeccións sectoriais de patrimonio, medio ambiente e augas así como a autorización municipal. Sobre o prazo de execución das obras indica que a previsión do proxecto é de oito meses, polo que é probable que sexa necesario executar as obras en dúas anualidades.

- Aurentino Alonso (Grupo Socialista): realiza un rogo lembrando a reunión mantida nesta Deputación hai un ano cos representantes do proxecto que xira arredor da figura de Florencio Delgado Gurriarán para crear unha Fundación e financiar o proxecto as letras de Florencio, e non se recibiron respostas por parte do asesor de política cultural desta Deputación nin do gabinete de Presidencia, polo que se roga que se reciba proximamente a comisión que leva este asunto.

O presidente indica que se informará sobre os antecedentes desta petición, que en todo caso serán recibidos, e lembra que dous ou tres últimos anos esta Deputación está a colaborar economicamente con este proxecto.

- Aurentino Alonso (Grupo Socialista): indica que onte se recibiron nos concellos máscaras que está enviando o Goberno de España desde a Subdelegación do Goberno, e que no concello de Barco se recibiron 900 unidades, cando se informara que se enviarían en función do número de habitantes (0,25 unidades por habitante), e que había para entregar 51.500. Polo exposto pregunta cal é o criterio de reparto e solicita un informe por escrito e detallado do reparto deste material sanitario por concello.

- Ignacio Gómez (Grupo Socialista): sobre un contrato de patrocinio asinado polo Inorde con Suzuki Motor Ibérica SA para o campionato de España de rallys, por importe de 50,000,00 € e condicionado á participación nunha serie de probas. Considerando que algunhas delas non se realizaron, polo que pregunta en que cantidade final queda esta contratación e cal é o importe das restantes anualidades.

O presidente indica que se contestará por escrito.

- Bernardo Varela (grupo BNG): solicita que tamén se lle faga entrega do informe cos criterios empregados para o reparto do material sanitario.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 17º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 17º](#)

E, ás 16.40 horas do citado día 25 de setembro de 2020, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará de xeito electrónico. Dou fe.

